



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE CATRO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE
(ACTA NÚMERO 26)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández.

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catro de setembro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen-se as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o Secretario Xeral Adxunto D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de agosto de dous mil vinte que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA LICITACIÓN DAS OBRAS.

Proposta en relación co expediente tramitado para a aprobación do proxecto e contratación da obra de: OUROL.- Rehabilitación superficial de firme mediante riegos con gravilla LU-P-3807 “Bravos (LU-P-6602)- Foxo – San Pantaleón”, P.K. 0+630 a 7+950.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: OUROL.- Rehabilitación superficial de firme mediante riegos con gravilla LU-P-3807 “Bravos (LU-P-6602)- Foxo – San Pantaleón”, P.K. 0+630 a 7+950, consta no mesmo:

Proxecto de OUROL.- Rehabilitación superficial de firme mediante riegos con gravilla LU-P-3807 “Bravos (LU-P-6602)- Foxo – San Pantaleón”, P.K. 0+630 a 7+950, con CSV: IV672IHIHNGJJHU27Q7CGQRWMU.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV672LRLOHDXDWRJ5SRQBABIOM4.

Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV672LRI2F6ZYSEPWA4D4NAANY.



Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV672LRIDMRK76RZ6BQXKZSGGA.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV673SZ2LFRSQXUITUXCOZSQA.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV67EGTNABNNR2HK4A6VGQKFL4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67EG33BUHTLDM5ZRXHRDU6U.

Fiscalización limitada previa do expediente.

CSV: Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico relativo á contratación das obras de: OUROL.- Rehabilitación superficial de firme mediante riegos con gravilla LU-P-3807 “Bravos (LU-P-6602)- Foxo – San Pantaleón”, P.K. 0+630 a 7+950, sometelo a información pública por espazo temporal de 15 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e o procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 118.191,80 €, dos cales 20.512,63 € corresponden ao IVE (21%).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN SUBMINISTRACIÓN DUN CAMIÓN USADO CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración dunha furgoneta para o Parque Móbil Provincial, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67FTQYDFMZQSWP2MYQL4AGAU.

Prego de prescricións técnicas con CSV: V67FTQ334FYLXJJAROCEVKFKI.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV67EUI4HUGIJT77BUNB54AE4Q.

Informe relativo á urxencia do expediente de contratación, con CSV: IV67FT3JNMG4Z7H6SRN5DZYHEQ.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV67GSZ7JUGK7DB2CREFDYPEOI.



Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV67GSZ5OAPTVD44YQUOVHSAU.

Fiscalización previa de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Declarar a urxencia do expediente para a contratación da subministración dun camión usado con cisterna de emulsión asfáltica para o Parque Móbil Provincial, polas razóns de interese público que se recollen no informe con CSV: IV67FT3JNMG4Z7H6SRN5DZYHEQ.

2º.- Aprobar a contratación da subministración dun camión con grúa e caixa basculante para o Parque Móbil Provincial, cun prazo máximo de entrega de 30 días naturais.

3º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e redución dos prazos de entrega que permitan unha áxil resposta ás necesidades do Parque Móbil .

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4 a) e 131.2 da LCSP, como procedemento regular de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público

(www.contrataciondelestado.es), concedendo un prazo de presentación de proposta de 8 días naturais.

5º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 65.945,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 11.445,00 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Os efectos de aprobación do expediente de contratación do subministro para a renovación do equipamento tecnolóxico do Centro Asociado da UNED en Lugo, consta no mesmo:

Solicitud de consignación orzamentaria con CSV: IV66TXAKAD67YT6SQL7HN4J6OA¹

Memoria xustificativa do contrato con CSV: IV67FXPCLF7S3S645R6EM7SCKA.

Anexo á memoria xustificativa, con CSV: IV67FXPDKEVPYT4DXROSL7Y77Y.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV67FTYDLUXPKVOTAJMQ673G74.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV664SPJLRN3IRP7W5HGMBXVGY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV67GXB4JYGT5JNJQHVD4PQVAU.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV67GXBT0F5DWXM2SZWGC7YRIE.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do subministro para a renovación do equipamento tecnolóxico do Centro Asociado da UNED en Lugo, cunha duración de dous meses- tempo que se considera axeitado e suficiente para o subministro contratado, sen posibilidade de prórroga.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, dacordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, non suxeito a regulación harmonizada, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a

inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 150.465,83 euros, aos que se engadirán 31.597,82 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 182.063,65 euros.”

A Xunta de Goberno, por maioría, coa abstención do Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO ALUGUER DE CABINAS SANITARIAS AUTÓNOMAS E MANTEMENTO DIARIO NO ENTORNO DO PASEO DO RÍO RATO E DOS HORTOS URBANOS DE PARQUE DO RÍO RATO E PARADAI. LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 24 de agosto de 2020, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Orde de inicio de expediente de contratación IV67UAADF7Z4JXU36DVAMBC7MQ.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67UAANZIFIKVJLCUUNOIRGE4.

Informe servizo con CSV:IV67UAA6FIGL4XM7QYWHKFR6OM.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV67UAA23VVNVPEM4PUBK5IHEU.



Solicitud de consignación orzamentaria con CSV:
IV67UAMHT7LVK7PAY4NIDXHFY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV:
IV67WSC4EEE4ITO5YEV4O57D5Y.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV:
IV67XXISFHRDT6W42AAAKNY7BY.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV67XXPLDX4N3NHLDV5UMHRFIQ.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV:
IV67Q2SYH36O2XUD6FQUN3ZHME.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV67Q6LYHUXI3DUZS3YX6YKQCQ.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 19 de xuño do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV:
IV67STX534ENRWM5Y5XCDZSQM4.

Publicación, o día 19 de xuño do 2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 7 de xullo do 2020, para apertura da documentación administrativa (sobre A) e criterios non avaliábles automaticamente (sobre B), con CSV: IV6742HSKE4DRP6PWU45GLTDEY, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar, deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o único licitador presentado a este procedemento é Torneiro Maquicoruña S.A.

Tendo en conta que a única empresa concorrente presentou en tempo e forma a súa proposta, procédese á apertura e exame do sobre “A” presentado. Resultando que a documentación presentada pola amentada empresa no sobre A, axústase en todo o seu contido aos requisitos esixidos no prego de cláusulas administrativas, a mesa de contratación acorda admitir a proposta presentada.

Acto seguido procédese á apertura do sobre B. En relación ao contido do mesmo, o apartado Q do PCAP, sinala textualmente que debe conter a seguinte documentación:

Ficha técnica da cabina ou cabinas sanitarias que se instalarán incluíndo as dimensión e equipamento interior e o material e equipamento adicional que se oferta.

Protocolo de limpeza, baleirado e desinfección das cabinas, con determinación dos produtos a usar e das súas características hixiénicas e medioambientais.

Calquera outro documento xustificativo da mellora proposta, que inclúa as características técnicas avaliáveis, tanto das melloras nas prestacións medioambientais como das melloras en equipamentos.

Tras un somero análise, comprobado que o sobre B contén tanto ficha técnica das cabinas como o protocolo de limpeza das cabinas, a mesa de contratación acorda, de conformidade co recollido na cláusula 16.2 do PCAP, remitir o sobre B ao Servizo de Medio Ambiente, aos efectos de que se emita o correspondente informe de valoración dos criterios non avaliáveis automaticamente mediante fórmulas matemáticas.”

Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 22 de xullo do 2020, con CSV: V676CZCKEBC7XRL6FUEMABROY, na que se recolle o seguinte:



“En primeiro lugar, deuse conta do Informe do Servizo de Medio Ambiente con CSV: IV675SHONBM62SHSSMMQCTYW4Q, relativo aos criterios de adxudicación non avaliábles automáticamente mediante fórmulas matemáticas, ou suxeitos a xuízo de valor, no que se conclúe que o único licitador presentado cumpre os requisitos mínimos esixidos nos PPT e se lle outorgan as seguintes puntuacións:

Melloras nas prestacións medioambientais: 0 puntos.

Melloras en equipamentos: 2,5 puntos.

O informe queda incorporado ao expediente, sendo aceptado polos integrantes da Mesa de Contratación.

A continuación procédese á apertura dos sobres C, resultando que a empresa Torneiro Maquicoruña S.A., se compromete a instalar e manter no entorno do Paseo do Río Rato e dos hortos urbanos de Parque do Río Rato e Paradai catro cabinas sanitarias autónomas co seu correspondente equipamento, mantemento e limpeza, por un período de tres anos, por importe de 23.560,00 euros, aos que haberá que engadir 4.947,60 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 28.507,60 euros. A empresa se compromete a instalar as cabinas sanitarias debidamente equipadas no prazo máximo de 15 días, a contar dende a formalización do contrato. Tendo en conta que a única empresa concorrente non supera o orzamento máximo de licitación (28.510,02 euros, IVE incluído).

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao Órgano de Contratación a seguinte proposta:

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

Nº DE ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	TORNEIRO MAQUICORUÑA S.A.	92.5

Requirir á empresa Torneiro Maquicoruña S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas (...)

Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 14 de agosto do 2020, con CSV: IV672LKY3IH25PF2YDQRIF7PIA, na que se recolle o seguinte:

“En sesión celebrada o día 22 de xullo de 2020, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

“Requirir á empresa Torneiro Maquicoruña S.A. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Deuse conta aos membros da Mesa de contratación que, con data 30 de xullo de 2020 enviouse á empresa Torneiro Maquicoruña S.A., a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, notificación do Decreto de requirimento de documentación, con prazo de presentación ata o 13 de agosto de 2020. Con data 7 de agosto de 2020, a empresa atendeu o requirimento, remitindo a mesma documentación a través da sede electrónica da Deputación de Lugo por “dificultade ou imposibilidade de adxuntar esta documentación mediante a plataforma de contratación do sector público”. Posteriormente, no mesmo día, presentou a mesma documentación por dita plataforma.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Presenta CIF da empresa.



Achega DNI da representante, Dña. Iria Torneiro Fernández, que segundo escritura pública que xunta, ostenta a representación da empresa, en virtude de acordos da Xunta universal de accionistas, na que se acordou designar como administrador único da sociedade á mercantil “Grupo empresarial torneiro S.L.” e facultar á dita persoa física para desempeñar o cargo.

Na mesma escritura pública, de elevación a público de acordos sociais, consta como obxecto social a comercialización de maquinaria de todas clases, utillaxe, ferramentas, accesorios e repostos para todo tipo de actividade industrial e da construción. A sociedade está inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña.

Achega certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT, no epígrafe “852 -aluguer de maquinaria e equip. construcc.”. A declaración de non ter causado baixa consta no Anexo I presentado no sobre A. Non achega último recibo do IAE nin declaración responsable de estar exento de pagamento.

Achega Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola Axencia Tributaria de data 31-7-2020.

Achega Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola Deputación de Lugo de data 3-8-2020

Achega certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 31-7-2020.

Achega declaración responsable de non estar incurso en causa de prohibición do artigo 13.2 b da Lei 38/2003 xeral de subvencións, nin declarado insolvente, nin atoparse en concurso ou inhabilitados conforme lei 22/2003.

Non se esixía habilitación nin autorización especial para o exercicio da actividade.

Achega resgardo acreditativo da transferencia bancaria polo importe esixido en concepto de garantía.

Solvencia económica: Achega información mercantil interactiva dos rexistros mercantís de España, Rexistro Mercantil de A Coruña, na que consta “último depósito contable: 2018”. Na conta de perdas e ganancias consta un importe neto da cifra de negocios en 2018 superior ao esixido.

Solvencia técnica ou profesional: Debe acreditarse por un ou varios medios.

Achega informe con indicación do persoal técnico (medio de acreditación b) e descrición de instalacións técnicas (medio de acreditación c), sobre o que o Servizo de Medio Ambiente informou que “cumpre con todo o esixido no PPT e incluso realiza unha mellora no esixido xa que a cabina ten un tamaño maior do esixido (...)”.

Achega cinco certificados de empresas nos que constan os importes facturados por subministracións, nos que a suma dos importes do exercicio 2019, a título de exemplo, supera o esixido.

Non aporta documento que conteña o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.

Tal e como recolle a cláusula 17 do PCAP, se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables, como é o caso, se concederá un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda. Se o licitador non emenda ou se o fai fora de prazo, nestes casos entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas. Neste suposto a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva dun 3% do orzamento base de licitación (IVE excluído) sen prexuízo de aplicar o establecido no art. 71.2 letra a) sobre eventuais causas de prohibición para contratar. Se a documentación presentada se axusta ao requirido o Órgano de contratación procederá á adxudicación.

A Mesa de Contratación, vista a documentación e as diferentes deficiencias detectadas, acordou, por unanimidade:



Requirir á empresa Torneiro Maquicoruña S.A para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente a seguinte documentación:

Último recibo do IAE ou declaración responsable de estar exento de pagamento.

Documento que conteña o interlocutor responsable por parte da adxudicataria.”

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar deuse conta aos membros da Mesa de contratación de que, con data 17 de agosto de 2020, enviouse á empresa Torneiro Maquicoruña S.A., a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, requirimento de subsanación de documentación, con prazo de presentación ata o 20 de agosto de 2020. Con data 19 de agosto de 2020, a empresa atendeu o requirimento, remitindo a documentación obxecto de estudo.

A mesa de contratación, vista a documentación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Torneiro Maquicoruña S.A., a contratación do aluguer, equipamento e mantemento diario de catro cabinas sanitarias autónomas no entorno do Paseo do Río Rato e Paradaí, por un período de tres anos, por importe de 23.560,00 euros, aos que haberá que engadir 4.947,60 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 28.507,60 euros.

O adxudicatario comprométese a instalar as cabinas sanitarias, nos termos recollidos no PPT e na súa proposta, no prazo máximo de 15 días, a contar dende a formalización do contrato.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez

notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Torneiro Maquicoruña S.A., a contratación do aluguer, equipamento e mantemento diario de catro cabinas sanitarias autónomas no entorno do Paseo do Río Rato e Paradaí, por un período de tres anos, por importe de 23.560,00 euros, aos que haberá que engadir 4.947,60 euros en concepto de IVE (21%) o que ascende a un total de 28.507,60 euros. Tendo en conta a data prevista de inicio da subministración (mediados de setembro), a distribución por anualidades é a seguinte:

Anualidade 2020: 2.771,57euros

Anualidade 2021: 9.502,53 euros

Anualidade 2022: 9.502,53 euros

Anualidade 2023: 6.730,97 euros

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2021,2022 e 2023 as cantidades indicadas, na correspondente aplicación.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.



3º.- O contrato terá unha duración de tres anos, contados dende o día seguinte a subscrición da acta de inicio. Non está prevista a prórroga contractual.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO ABERTO DE CONTRATACIÓN DA ACTIVIDADE DE AUTOCINEMA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“No relativo á contratación da actividade de autocinema, expediente de contratación, consta no mesmo acta da mesa de contratación do día 01 de setembro de 2020, do seguinte tenor literal:

“Polo Presidente procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación da actividade de autocinema.

Subsanación de documentación artigo 150.

Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV674LC6FNF5XNPS2EEMN3XD4A.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV674LC6JRUY33B545WHAJCF44.

Prego de prescricións técnicas, asinado pola Técnica da Sección de Benestar, con CSV: V674LC7BYGS72MLQEP5EF3HMA.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV674OQNPB4YUVBK4VNMKYP44.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV675QBMLBJKTP53UQHDIT7V6M.

Autorizacións dos Concellos de Sarria e Foz.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV675QHKHFPT36WMZQ5MOMBGFY.

Acordo da Xunta de Goberno, de data 17 de xullo do 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV676636NTWZTLU52XXXIJYC6U.

Publicación, o día 22 de xullo do 2020, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Acta da Mesa de Contratación, reunida o día 06 de agosto de 2020, na que se acorda elevar informe–proposta a Presidencia para que adopte a seguinte Resolución:



“1. Clasificar aos licitadores admitidos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	EZE MOSQUERA EVENTS, S.L.	70

2. Requerir, no caso de que sexa precisa, a documentación adicional que complemente a información extraída da consulta do Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) ou do Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC), que deberá aportarse no prazo de sete días hábiles, pola empresa EZE Mosquera Events, S.L.”

Acta da Mesa de Contratación, reunida con data 14 de agosto do 2020, na que se acorda o seguinte:

“Requirir á empresa EZE Mosquera Events, S.L. para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente a seguinte documentación:

Escritura de constitución e, no seu caso, modificación, inscrita no Rexistro Mercantil (“Caxetín” do Rexistro) segundo o artigo 84.1 da LCSP que di: “1. La capacidad de obrar de los empresarios que fueren personas jurídicas se acreditará mediante la escritura o documento de constitución, los estatutos o el acta fundacional, en los que consten las normas por las que se regula su actividad, debidamente inscritos, en su caso, en el Registro público que corresponda, según el tipo de persona jurídica de que se trate.”

En todo caso os acordos de modificación estatutaria polos que as empresas licitadoras adaptan o seu obxecto social ao obxecto dun contrato público debe constar en escritura pública e inscritos no Rexistro Mercantil na data de finalización do prazo de presentación de proposicións, aos efectos de acreditar a capacidade de obrar .

Certificación do Rexistro Mercantil ou declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

A póliza de seguro de RC da empresa cun límite xeral non inferior a 600.000 euros de sublímite por vítima para todas as coberturas de 600.000 €. (A póliza presentada polo licitador con cumpre coas coberturas mínimas esixidas, xa que no concepto de “Garantía de responsabilidade Civil por accidentes laborais, incluído límite por vítima en RC, ten unha cobertura máxima de 450.000 euros, sendo a esixida de 600.000 euros).

O seguro de circulación obrigatorio do vehículo que se utilizará para o desenvolvemento da actividade. “

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar deuse conta aos membros da Mesa de contratación de que, con data 23 de agosto de 2020 a empresa EZE Mosquera Events,S.L. presenta escrito no que manifesta que non é posible a subsanación da documentación requirida.

A mesa de contratación, visto o escrito presentado pola empresa a documentación, acorda por unanimidade dos seus membros, propoñer que, pola Xunta de Goberno, se declare deserta a contratación de referencia.”

Á vista do exposto, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar deserto o procedemento, relativo á contratación da actividade de autocinema, por non resultar admisibles as propostas presentadas, ao carecer o único licitador concorrente de obxecto social adecuado para a realización dos traballos obxecto do contrato.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Dar traslado á Intervención Xeral e ao Servizo de Cultura do acordo adoptado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA PRÓRROGA DO ENCARGO A TRAGSA PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DE LIMPEZA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 06 de marzo de 2020, prestou aprobación ao encargo ao seu medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E. M.P. (TRAGSA) dos traballos de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo por un período de seis meses prorrogable trimestralmente, sen que a duración total (incluídas as prórrogas, poida exceder dun ano), con efectos dende o día 12 de marzo de 2020.

No mesmo sentido na cláusula sétima da memoria na que se recollen os termos e condicións do encargo recóllese que a duración deste será de seis meses (prorrogable trimestralmente, sen que a duración total (incluídas as prórrogas, poida exceder dun ano).

Tendo en conta que dende o día 12 de marzo se veñen efectuando por parte do medio propio os traballos de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo cun resultado óptimo e cumprindo cos requisitos esixidos na mencionada memoria.

O día 28 de xullo de 2019, o medio propio solicita, a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo que lle sexa concedida a prórroga do encargo realizado. Acompaña a solicitude do correspondente orzamento.

Constátase que tanto as unidades a executar como os prezos ofertados se manteñen con respecto á encomenda orixinal, cunha diferenza á baixa de dez céntimos fruto do redondeo.

Á vista de que as necesidades que conduciron ao establecemento do encargo continúan vixentes, sendo preciso garantir a continuidade dos traballos que se instrumentalizan a través do

encargo, e considerando que a duración do vixente encargo expirara o día 12 de setembro de 2020, solicítase que se efectúen os trámites precisos para proceder á prórroga do encargo ao medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E. M.P. (TRAGSA) dos traballos de limpeza dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo por un período de tres meses prorrogable por outros tres meses, e por un importe que ascende a 202.167,97 euros.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA EN RELACIÓN COA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS POLO CONCELLO DE O INCIO NO PLAN ÚNICO 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Concello de O Incio achégase certificado de adxudicación de investimentos, incluídos no Plan único 2019, e en relación co mesmo infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídos os investimentos que se sinalan.

As bases do plan único establecen na base 18 o prazo para adxudicar os investimentos, sinalando “... os concellos adxudicarán e formalizarán, de proceder, os contratos referentes as



actuacións incluídas no Plan ata o 31 de outubro de 2019. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do Concello”

Polo Pleno, en sesión ordinaria de data 30/06/2020 acordouse a modificación do investimento que se indica, fixándose como data límite para a adxudicación do mesmo o 31/07/2020.

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
O INCIO	134	PAVIMENTACIÓN DO VIAL BARDAOS- SANTALLA, INCLUÍDO HONORARIOS	--	34.696,36€	34.696,36€

O concello de O Incio, presentaron os correspondentes certificados do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración -anexos III ou IV, no que se sinalan as datas de adxudicación, figurando adxudicadas en data posterior ao prazo establecido, sen que conste solicitude de prórroga.

As datas, de adxudicación, que figuran son:

CONCELLO DE:	OBRA PUC/19 Nº:	DATA ADXUDICACIÓN
O INCIO	134	12/08/2020

Así mesmo o concello acompaña documentación indicando os retrasos na adxudicación das obras, indicando como motivo “... a certificación foi comunicada por rexistro a este Concello en data 04/08/2020 ... tratándose dun pequeno desfase nos prazos e sendo coñecedores da situación actual das Administracións pola crise do Covid ...”

En relación coas adxudicacións, fora do prazo inicialmente previsto e prórroga concedidas ao efecto, das referidas obras, por parte do Concello indicado, cabe admitir a adxudicación, en virtude do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (aplicable por analogía e supletoriamente segundo o previsto na propia base 13 e de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei xeral de subvencións) que determina que “...transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a mesma ante o órgano administrativo competente, este

requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada...”, trámite que non se ten efectuado, no marco do procedemento de xustificación da achega concedida. Tampouco está iniciado o procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro da achega, toda vez que están en prazo para presentar a xustificación do investimento.

Neste sentido e como regra xeral, os interesados sempre poden aportar alegacións antes do trámite de audiencia, garantizado polo artigo 42 da LXS, no procedemento de reintegro que se aplica ao procedemento para declarar a perda do dereito ao cobro dunha subvención (artigo 89 do RXLS). Neste caso non se ten producido nin un nin o outro.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, e reafirmando esta interpretación, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (derogada), “... Aos interesados que non cumbran o disposto nos apartados anteriores se lles poderá declarar decaídos no seu dereito ao trámite correspondente. Non obstante, admitirase a actuación do interesado e producirá os seus efectos legais, si se produce antes ou dentro do día que se notifique a resolución na que se teña por transcorrido o prazo”.. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite da adxudicación das obras incluídas no Plan Único de Cooperación 2019, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de adxudicar os investimentos indicados, incluídos no Plan único 2019, do Concello indicado, e a achega a esta Deputación, debe entenderse presentadas e realizadas dentro do prazo do artigo 73.3 da Lei 39/2015 do 1 de outubro.

En relación coa adxudicación dos investimentos fora do prazo inicialmente fixado, ou fora da prórroga concedida, de ser o caso; de acordo co establecido no artigo 28 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos a cantidade a reintegrar vira determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado III do artigo 17 da lei ou, no seu caso, as establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención, tendo en conta o grao de intencionalidade, a contía e a gravidade do incumprimento, os prexuízos que se podan causar a terceiros e o prexuízo para os intereses públicos.



O aludido artigo 17.3.n) da LXS establece que a norma reguladora das bases de concesión das subvencións concretará, entre outros, os criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente vaia percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

O Servizo de Contratación e Fomento ven aplicando en casos precedentes e semellantes ao exposto o principio de proporcionalidade e considera que procede aceptar a adxudicación fora do prazo inicialmente establecido, ou das súas prorrogas, de ser o caso, con base no establecido no artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 28 da Ordenanza Xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo ao amosarse unha actividade tendente ao cumprimento dos fins e obxectivos da subvención, polo beneficiario. A este respecto, cabe destacar o indicado no Informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid, de 12 de marzo de 2013 que, en relación coa presentación fóra do prazo establecido dos documentos xustificativos polo beneficiario, establece que: “ ... acreditado como queda el cumplimiento de la finalidad de la subvención dentro del plazo establecido en la orden reguladora de la subvención objeto de discrepancia, y teniendo en cuenta lo anteriormente expuesto, a juicio de esta Intervención General, no procede imponer el reintegro de las cantidades abonadas al beneficiario por la aportación extemporánea de los documentos justificativos de dicho cumplimiento, en tanto que, la inobservancia de un requisito de carácter formal no puede implicar una sanción de consecuencias patrimoniales desproporcionadas para aquel, como sería el caso del reintegro de la totalidad de la ayuda. En este sentido se ha pronunciado la jurisprudencia más reciente, como es el caso de la sentencia de 29 de febrero de 2000 del Tribunal Superior de Justicia de Asturias, que confirma la no aplicabilidad del reintegro de la subvención por el beneficiario que incumple sus deberes formales de justificación (...)”.

O artigo 37.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece que cando o incumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade a reintegrar vira determinada pola aplicación dos criterios enunciados no

parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da lei ou, no seu caso, ás establecidas na normativa autonómica reguladora da subvención.

Neste sentido pode invocarse a sentenza 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que “non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desestímato” ou a Sentenza 497/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A STS 6/6/2007 aclara que “el principio de proporcionalidad... permite emplear ciertos criterios de graduación de los posibles incumplimientos de las condiciones impuestas al conceder las subvenciones. Casos...en los que no existe un incumplimiento absoluto de la obligación de justificación, pueden no ser tratados del mismo modo que estos últimos. Si se trata de una justificación ligeramente tardía, resulta indiscutible la realización efectiva y material- y dentro de su plazo propio- de las condiciones sustantivas y concurren las circunstancias excepcionales que ya hemos descrito, habrá junto de las relaciones Administración- beneficiario”.

A STSJ de Castilla e León, Valladolid, 103/2007 de 19/1, nun suposto en que a presentación dos xustificantes de gastos se fizo 2 días despois da finalización do prazo, declara que non é procedente a revogación por “desproporcionada en relación con la naturaleza del incumplimiento que se atribuye a la parte, pues de seguir esta interpretación cualquier incumplimiento, por mínimo que fuese, acarrearía necesariamente la revocación de la subvención..” pero matiza “salvo que se desprenda que el incumplimiento del plazo de presentación, en relación con las normas de la convocatoria haya tenido una naturaleza trascendente para el fin de la subvención, o haya podido tener influencia en el ejercicio por la Administración de sus potestades de control y fiscalización...”

Neste sentido, cabe mencionar que as bases do Plan único non indican consecuencias “fatales” ou de exclusión á circunstancia de non presentar en prazo as adxudicacións dos investimentos. Debe terse en conta o principio de “proporcionalidade” e a boa fe, xunto coa lealdade institucional, unido ao efecto útil do procedemento administrativo.



Ademais, na base 20 establécese que os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2020, e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse á Deputación antes do 15 de outubro de 2020, estando, polo tanto, en prazo para presentación de dita xustificación.

Conclusión

Visto o antedito, cos datos obrantes neste Servizo de Contratación e Fomento, e a xuízo do informante, e tendo en conta que non é finalidade da administración Provincial cernar procedementos canalizados para servir ao interese xeral, e moi especialmente no plan que nos ocupa, dando cumprimento á competencia e responsabilidade do ente Provincial de cooperar cos Concellos, e en consecuencia, non se observa un detrimento ou perda; non existe ningunha circunstancia competitiva na tramitación, senón unha ordenación procedemental para alcanzar os obxectivos do plan, sendo estas as pautas aplicadas, desde que se comezou a implantar e aplicar o plan único, de sorte que existen numerosos precedentes en distintas tramitacións dos plans precedentes, entende o que subscribe, que os trámites para a adxudicación, aínda que realizados con demora, non deben impedir, en aplicación do principio de proporcionalidade, que se acepte ditos certificados, toda vez que, ademais, está en prazo para a presentación da conta xustificativa, que será a que determine a cantidade a aboar aos concellos en función da xustificación presentada, polo que se informa favorablemente a aceptación do anexo III, inda adxudicado fora do prazo inicialmente establecido.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar, á vista da súa xustificación e informe do Servizo de Contratación e Fomento, o anexo III de adxudicación de investimento incluído no plan único 2019, achegado polo concello indicado, no que a adxudicación se ten realizada na data que se indica, con posterioridade a data límite fixada, tendo en conta que están en prazo para a presentación da conta xustificativa (30-09-2020), que será a que determine a cantidade a aboar ao concello:

CONCELLO DE:	OBRA PUC/19 Nº:	DATA ADXUDICACIÓN
O INCIO	134	12/08/2020

2º.-Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS INTERADMINISTRATIVOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais distrito da Milagrosa, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “30 anos facendo barrio” na anualidade 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais distrito da Milagrosa, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “30 anos facendo barrio”, polo importe de 20.000,00 €, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 10.000,00 €, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2020, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora, que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de estar ao corrente das obrigas tributarias e fronte



á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020.

Informe da Unidade Administrativa Xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención, conformado pola Secretaría Xeral.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intangibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2020.

O obxecto que se persegue con esta subvención é fomentar e potenciar a creación e o mantemento de asociacións, especialmente as de carácter veciñal, canalizadoras da participación da cidadanía nos asuntos que lles son propios, e que contribúen á xeración de riqueza para o territorio, no seu conxunto. Acadar maiores niveis de colaboración e participación cidadá en todos os eidos.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais distrito da Milagrosa, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “30 anos facendo barrio”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

2º.- Aprobado o gasto de 20.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais distrito da Milagrosa, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “30 anos facendo barrio”.

3º.- Aprobado o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Aprobación, se procede, do convenio interadministrativo co Concello de Foz para o fin común de “adquisición de maquinaria desbrozadora de zonas verdes”.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“O concello de Foz solicitou, o 24 de xullo de 2020, mediante escrito presentado no Rexistro telemático desta entidade, a formalización dun convenio interadministrativo de cooperación para a realización conxunta dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “adquisición de maquinaria desbrozadora de zonas verdes”, no ano 2020.



No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para ter en consideración a mesma, informe da Área de Medio Rural e do Mar, Mocidade, do 20 de agosto de 2020, que se expresa nos seguintes termos:

“Antecedentes

A Deputación Provincial de Lugo é unha entidade local de carácter territorial que: presta servizos directos aos cidadáns; coordina os servizos municipais entre si para a garantía da prestación integral e adecuada dos mesmos; presta asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos da provincia de Lugo; e presta, así mesmo, servizos públicos de carácter supramunicipal e, no seu caso, supracomarcas.

Pero, ademais, ten a competencia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Pola súa banda, don Francisco Cajoto Caseiro, en nome e representación do concello de Foz, presentou no Rexistro telemático desta entidade, o 24 de xullo de 2020 escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta coa Deputación Provincial de Lugo dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de adquisición de maquinaria desbrozadora de zonas verdes, ano 2020.

Dito escrito acompáñase de:

Modelo normalizado de solicitude de convenio interadministrativo de cooperación, xunto cos seus anexos, isto é:

Anexo I.- Memoria explicativa e xustificadora da solicitude de relación interadministrativa de cooperación a formalizar mediante a sinatura dun convenio interadministrativo.

Anexo II.- Orzamento e financiación do convenio interadministrativo co que se formalizará a técnica de cooperación.

Anexo III.- Declaración doutras axudas/achegas convenio interadministrativo.

Declaración responsable na que se indica que a entidade solicitante: está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social; non ten débedas en período executivo coa Deputación Provincial de Lugo e coa Xunta de Galicia; e non é debedora por resolución de procedencia de reintegro de axudas públicas.

Achégase, ademais, memoria explicativa dos fins e obxectivos perseguidos co convenio suscitado, que se expresa nestes termos:

O concello de Foz é un municipio cunha extensión total de 100,3 km², é un concello cun carácter eminentemente rural onde, incluso os núcleos que poden considerarse máis urbanos teñen unha clara composición e estrutura rural, con amplas zonas verdes e espazos públicos que forman diversos puntos de poboación.

A súa estrutura territorial e a distribución poboacional ao longo de oito parroquias, fai preciso que se conte con numerosos locais sociais (para o que se adecentaron antigas escolas rurais na súa maioría) con dotación tamén de zonas de espaxamento ao seu arredor. Nese sentido, os 194.951 m² de parques, xardíns e áreas naturais respostan, fundamentalmente, a esta tipoloxía de espazos pensados para construír núcleos rurais máis sociais e espazos de convivencia.

A día de hoxe, o persoal municipal que pode desenvolver estas función é persoal multidisciplinar que atenden a diversas actuación de mantemento de espazos e bens municipais. Neste sentido é fundamental que as persoas que realizan estas labores conten con ferramentas axeitada que permitan a súa execución dun xeito eficiente tanto económico como temporalmente. Neste momento, o Concello de Foz non conta con ferramentas para o desenvolvemento das labores descritas, polo que as mesmas se realizan de xeito pouco eficiente e os resultados non son todo o óptimos que deberían ser.



É pois, obxectivo do goberno municipal lograr que os espazos públicos do concello teñan o estado idóneo para o seu uso e desfrute por parte da poboación en xeral. Pódese converter cada pequena parroquia en centro de relación sociais e contar con espazos de socialización e espaxemento.

Deste xeito lograremos unha vertebración veciñal a través dos espazos públicos e, tamén a creación dunha conciencia colectiva de pertenza orgullosa a un rural galego que pode contar con moitas potencialidades se recibe os coidados e atencións que precisan. Este proceso debe comezar polo cumprimento do mellor xeito posible dos deberes de conservación e coidado por parte das administración públicas.

Tendo en conta tamén as competencias definidas na aplicación da lexislación vixente (Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), onde se definen as competencias dos concellos (no seu artigo 25) e da Deputación Provincial (no seu artigo 36); así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector Público.

Polo tanto consideramos que o procedemento de convenio interadministrativo de Cooperación é o máis axeitado para definir esta colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz, tal e como recolle o artigo 50 da Lei 40/2015: Trámites preceptivos para la suscripción de convenios e os seus efectos. No seu apartado 1, indica que “Sen prexuízo das especialidades que a lexislación autonómica poida prever, será necesario que o convenio se acompañe dunha memoria xustificativa onde se analice a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, así como o cumprimento do previsto nesta Lei”.

Tendo en conta o exposto, consideramos a necesidade de solicitar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo para poder afrontar a adquisición de maquinaria para realización das labores de mantemento de zonas verdes, e da rede viaria municipal, dado que a actual situación económica municipal, nun estado de suma debilidade, non permite afrontar en solitario dito investimento.

Existe un fin común fundamental para ambas entidades, que non é outro que o desenvolvemento económico e social do territorio, neste caso dos habitantes do concello de Foz, como concello pertencente á provincia de Lugo. Establecerase polo tanto un convenio de colaboración para a adquisición maquinaria desbrozadora, para o desbroce e mantemento das zonas verdes, tal e como se detalla na seguinte táboa: “Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz para a execución dos fins comúns consistentes na adquisición de maquinaria desbrozadora zonas verdes. Ano 2020”.

MAQUINARIA	DESCRICIÓN	TIPOLOXÍA	PREZO
RIDER P524	EQUIPO DE CORTE COMBI 112CM, DESBROZADOR IMPACTO PROFÍ 1MTR. ANCHO Y DIT MATRICULACIÓN P524		14.879,33
IMPORTE TOTAL	(sen IVE)		14.879,33 €
IVE	(21%)		3.124,66€
IMPORTE TOTAL	(con IVE)		18.003,99€

O Concello de Foz comprométese á aportación de Fondos Propios dun 5% sobre o total da inversión a realizar, o que supón unha cantidade de 900,20 € (novecentos euros con vinte céntimos), polo que o importe restante máximo que debe facer fronte a Deputación Provincial de Lugo (95%) é de 17.103,79 € (dezasete mil cento tres euros con setenta e nove céntimos).

Consideracións legais e técnicas

Os convenios a través dos que se formalicen as relacións interadministrativas de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e outras Administracións Públicas, Organismos públicos e entidades de Dereito público vinculados ou dependentes daquelas regúlanse por:

A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP).

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).



O Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (en adiante, TRRL).

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56, do 10 de marzo de 2011 (en adiante, RODPL).

As Bases de Execución do Orzamento vixente en cada momento, de aplicación preferente en materia económico- orzamentaria.

As Administracións Públicas serven con obxectividade os intereses xerais, debendo respectar na súa actuación e relacións, entre outros, os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as mesmas. Así o establece o artigo 3.1.k) da LRXSP, que continúa dispoñendo no artigo 140.1.d):

As diferentes Administracións Públicas actúan e se relacionan con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes de estas de acordo cos seguintes principios:

(...).

c) Colaboración, entendido como o deber de actuar co resto de Administracións Públicas para o logro de fins comúns.

d) Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos de cara a unha acción común (...).

Así, segundo o artigo 141.1.d) da mesma lei:

As Administracións Públicas deberán:

(...).

d) Prestar, no ámbito propio, a asistencia que as outras Administracións puideran solicitar para o eficaz exercicio das súas competencias.

Á súa vez, establece o artigo 143 do mesmo texto legal:

As Administracións cooperarán ao servizo do interese xeral e poderán acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor serva a este principio.

A formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos de órganos de cooperación ou en convenios.

Finalmente, consonte ao artigo 144 daquela lei:

Poderase dar cumprimento ao principio de cooperación de acordo coas técnicas que as Administracións interesadas estimen máis adecuadas, como poden ser:

(...).

d) A prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras Administracións Públicas (...).

Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben.

En parecido senso, aínda que de xeito máis restrinxido, se pronuncia a regulación autonómica, ao establecer o artigo 193.1.b) da LALGA:

As Entidades Locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos seguintes principios:

(...).

b) A colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar conxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

Xa no ámbito da normativa local, dispón o artigo 57 da LRBRL:

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de intereses común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

Así mesmo, o artigo 111 do TRRL establece:

As Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por convinte, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades.



Pois ben, consonte ao artigo 47 da LRXSP:

Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (...).

Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas Administracións públicas ... (...).

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada LRXSP establece:

As Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión da titularidade da competencia.

(...).

A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

(...).

Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sustentables, debendo quen os subscriban ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

As achegas financeiras que se comprometan a realizar os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

(...).

Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes.

Polo tanto, a relación de cooperación interadministrativa suscitada entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribadeo configúrase como un aparello técnico administrativo que se adecúa con plenitude aos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público nas súas relacións, tal e como quedaron expostos.

Na dita relación de cooperación a Deputación de Lugo efectuará unha achega de 17.103,79 € para sufragar parte dos gastos derivados da execución da actividade obxecto do convenio e o cumprimento dos seus fins, isto é, a adquisición da maquinaria desbrozadora de zonas verdes. O concello de Foz comprométese, pola súa banda, á aportación, con fondos propios, dun 5% sobre o total da inversión a realizar, o que supón unha cantidade de 900,20 €.

No que ao requisito de exercicio de competencias propias se refire, esixido polo amentado artigo 140.1.d) da LRXSP para a formalización das relacións de cooperación a través de convenios; consonte ao artigo 36.1 da LRBRL, son competencias propias da Deputación as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, entre outras, a que se menciona no apartado d) do dito artigo, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d): en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Pois ben, atendendo á normativa citada, é claro que as competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación proxectada, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA, xa que un axeitado mantemento das zonas verdes contribúe, sen ningunha dúbida, ao desenvolvemento social, especialmente en concellos rurais, como o de Foz, no que estas zonas teñen un gran protagonismo, converténdose en centros de relacións sociais e esporexamento.



Por outra banda, neste tipo de concellos, de marcado carácter rural, as infraestruturas viarias están, na súa maior parte, delimitadas por zonas verdes, que cómpre manter en boas condicións para sacarlle todo o partido, cun aproveitamento pleno e seguro, á rede viaria; todo o que contribuirá a unha mellora das comunicacións destes núcleos de poboación, o que tamén contribúe ao desenvolvemento económico dos mesmos.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3:

Non se entenderá como exercicio de novas competencias:

(...).

f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...

Para maior abastanza, no caso que nos ocupa é de aplicación o artigo 30 do TRRL, segundo o cal:

A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin:

a) os medios económicos propios da mesma que se asignen.

(...)

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril (...).

As formas de cooperación serán (...):

h) A subscrición de convenios administrativos.

Pola súa banda, o concello de Ribadeo, consonte ao artigo 25 da LRBRL:

Para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestalos servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos deste artigo.

O municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

(...).

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, (...).

(...).

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

(...).

f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.

(...).

l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Polo tanto, sendo competencias propias do concello de Foz: o medio ambiente urbano, en particular, no que a parques e xardíns públicos se refire; a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; a prevención e extinción de incendios e a promoción das instalacións de ocupación do tempo libre, queda lexitimada a competencia do concello na execución do amentado proxecto.

Ademais, tendo en conta que o concello solicitante da formalización do convenio é, tal e como quedou exposto, un concello cun carácter eminentemente rural, con amplas zonas verdes e de esparexemento, é evidente que o proxecto que se promove contribúe de xeito directo a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal.

Por se fora pouco, a subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos e encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, sinalado no artigo 36 da LRBRL.



O Concello de Foz solicita un anticipo do 50% da achega solicitada, con dispensa de garantía, unha vez asinado o convenio e cumpridos os requisitos que, a estes efectos, estean previstos no mesmo; xustificando a dita solicitude no estado de suma debilidade no que se atopa a economía municipal e que deriva en que non lle permita afrontar a adquisición da maquinaria que precisa sen a colaboración da Deputación de Lugo.

O convenio obxecto deste informe ten natureza administrativa e instrumenta a cooperación entre Administracións Públicas que ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), polo que non lle é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións e demais normativa de concorrente aplicación.

Tratándose a figura do anticipo dunha entrega de fondos comprometidos coa sinatura do convenio, con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes a aquel, e tendo en conta o exposto no parágrafo anterior, podemos tomar como referencia o establecido no artigo 31.6.II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o cal:

Tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Sen prexuízo do seu desenvolvemento regulamentario, dita posibilidade e o réxime de garantías haberán de establecerse, no seu caso, expresamente nas bases reguladoras da subvención.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo e INLUDES e a Base 24ª.8 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2020, que dispón:

Poderán realizarse anticipos a conta de subvencións con importe superior ou igual a 3.000 €, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias, debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

Pois ben, na memoria achegada polo Concello de Foz motivase a necesidade do anticipo no estado de suma debilidade na que se atopa a situación económica municipal, o que deriva en que aquel non poida afrontar en solitario o investimento proxectado.

Tamén está prevista, no borrador do convenio que se integra neste expediente, a posibilidade do pago anticipado, con dispensa de garantía, de ata un 50% da cantidade comprometida pola Deputación Provincial de Lugo, previo o cumprimento dos requisitos alí expostos.

En canto ao órgano da Deputación competente para a aprobación do texto do convenio suscitado, así como do gasto que, en concepto de achega económica, corresponda asumir á Deputación, consonte ao artigo 59.18 do RODPL:

Corresponde á Xunta de Goberno conceder subvencións na contía da aprobación do gasto en materia de contratación, e aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a.

Pola súa banda, dispón a Base 24ª.4, das de execución do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, que o órgano competente para o outorgamento de subvencións en réxime de concesión directa é o presidente, a proposta do delegado correspondente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 17.103,79 € para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. Polo tanto, será a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do texto do convenio de cooperación proxectado e para a aprobación do gasto en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no marco daquel.



Considerando o anteriormente exposto, e á vista da documentación que obra no expediente, informo favorablemente para que, logo dos demais trámites regulamentarios procedentes, se aproben pola Xunta de Goberno:

O texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz, para a realización conxunta dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “adquisición de maquinaria desbrozadora de zonas verdes”, no ano 2020, por importe total de 18.003,99 €, dos que 17.103,79 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 900,20 € a cargo do concello de Foz.

O gasto, por importe de 17.103,79 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do concello de Foz, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

Consta no expediente, así mesmo, informe xurídico favorable do Servizo de Contratación e Fomento, do 21 de agosto de 2020, relativo á tramitación do amentado convenio.

E consta, ademais, a conformidade da Unidade de Intervención, manifestada no seu informe de fiscalización limitada previa do 25 de agosto de 2020.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Foz, para a realización conxunta dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común de “adquisición de maquinaria desbrozadora de zonas verdes”, no ano 2020, por importe total de 18.003,99 €, dos que 17.103,79 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 900,20 € a cargo do concello de Foz.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 17.103,79 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2020, a favor do concello de Foz, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes na instalación de dúas pistas multideporte para a mocidade na vila de Ribadeo e no núcleo de Rinlo (Ribadeo), no ano 2019.*

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 31 de decembro de 2019, a aprobación do convenio que se reflicte no encabezamento, o cal foi asinado entre as partes o 10 de xaneiro de 2020.

O 25 de maio de 2020, ao abeiro do disposto na cláusula sexta do amentado convenio, o representante legal do Concello de Ribadeo presentou ante o rexistro telemático desta entidade solicitude mediante a cal propoñía a modificación das cláusulas terceira e cuarta daquel, no que aos prazos de execución e xustificación se refire, xustificando a dita solicitude polos inconvenientes derivados da pandemia do Covid-19.

Posteriormente, atopándose en tramitación o procedemento relativo á dita solicitude, o Concello de Ribadeo presentou unha nova solicitude de modificación do amentado convenio, no que aos investimentos a realizar no núcleo de Rinlo se refería, en base ás peticións formuladas polos veciños.

Examinadas as ditas solicitudes polo técnico da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, dende esta considerouse axeitada a acumulación daquelas nun mesmo procedemento, informando favorablemente, o 19 de agosto de 2020: a modificación da cláusula primeira do convenio interadministrativo de referencia, no que ao fin común, aos investimentos e á achega comprometida pola Deputación se refire; e das cláusulas terceira e cuarta, no relativo aos prazos de



execución e xustificación, aos investimentos a realizar, e aos importes das achegas comprometidas pola Deputación e polo Concello de Ribadeo; modificación prevista na cláusula sexta do mesmo, e que se levará a cabo a través da correspondente addenda, por considerar xustificadas os motivos das solicitudes, e acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Finalmente, dende o Servizo de Contratación e Fomento, a Secretaría Xeral e a Intervención, informouse favorablemente a aprobación do texto da addenda ao amentado convenio e a formalización da mesma.

Por todo canto vai dito, elévase á Xunta de Goberno proposta para a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobación do texto da addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribadeo para a execución dos fins comúns consistentes na instalación de dúas pistas multideporte para a mocidade na vila de Ribadeo e no núcleo de Rinlo (Ribadeo), no ano 2019 (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 31 de decembro de 2019).

2º.- Aprobación, en consecuencia, da modificación da cláusula primeira primeira do dito convenio, no que ao fin común, aos investimentos e á achega comprometida pola Deputación se refire; e da modificación das cláusulas terceira e cuarta, no relativo aos prazos de execución e xustificación, aos investimentos a realizar, e aos importes das achegas comprometidas pola Deputación e polo Concello de Ribadeo, nos termos da amentada addenda, manténdose inalteradas o resto das cláusulas daquel.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Primeiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente ó servizo de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo realizados no mes de maio do 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 02/09/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	Nº REXISTRO DE FACTURAS	CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL20 2020/GAL20/261	31/05/2020	2020/1774	Servizos de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de maio do 2020. 2020/FAC_01/001055	18.500,15 €
TOTAL					18.500,15 €

Visto que consta:

A propia factura con Rexistro de Entrada de Facturas.

Dilixencia da Sección de Benestar Social e Igualdade, de data 15/07/2020, na que se dí que os servizos están prestados, precisando o “conforme” coa cantidade e o prezo, e conformada polo Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social.

Declaración responsable asinada en data 11/08/2020, pola representante de Servicios de Teleasistencia, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa



incurra na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento de ditas obrigas, durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa de data 15/07/2020, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitida pola Xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade.

Informe do Servizo de Contabilidade e Contas, de data 21/07/2020, no que se informa que existe consignación suficiente e axeitada polo importe total da factura, na aplicación orzamentaria 2314.48910 (O.: 92020/4178).

Informe deste Servizo, de data 12/08/2020, no que se inclúe a xustificación da necesidade por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 25/08/2020, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, de data 21/08/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese á factura que seguidamente se relaciona:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Servicios de Teleasistencia, S.A. GTM 2020/FAC_01/001055	GAL20 2020/GAL20/261	31/05/2020	18.500,15	Servicios de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de maio do 2020.	2314.48910	92020/4178
		TOTAL 18.500,15 €				

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Servizo de Benestar Social, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación anterior, polo importe total de 18.500,15 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos



procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 e 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención do 18 de agosto de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coa factura seguinte:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN	O
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL20 2020/GAL20/261	31/05/2020	18.500,15 €	2314.48910	92020/4178
TOTAL:18.500,15 €					

Procede informar:

Que tendo en conta o informe emitido polo servizo de Intervención do 18 de agosto de 2020.

Que os servizos prestados foron estritamente necesarios para dar cumprimento a:

Os convenios de colaboración marco entre a Deputación e os concellos da provincia de Lugo para o desenvolvemento dun Programa de Teleasistencia Domiciliaria dende o 1 de xaneiro de 2013. Estes convenios atópanse vixentes a día de hoxe.

A Ordenanza do Servizo de Teleasistencia Social no Fogar, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sendo publicada definitivamente no BOP de Lugo, núm. 204 do 05.09.2016 e as resolucións de concesión do servizo ao abeiro da mesma.

Así mesmo, salientar que os prezos e condicións das prestacións facturadas foron correctos e axeitados conforme ao estipulado no contrato do citado Servizo de Teleasistencia Domiciliaria na



Provincia de Lugo, do cal foi adxudicataria Servicios de Teleasistencia, S.A., e cuxa vixencia rematou o 31.07.2019.

Non se achega decreto de novas altas co presente documento dado que dende a última factura tramitada dentro da vixencia do contrato sinalado correspondente ao Servizo de Teleasistencia Domiciliaria, non se produciron novas altas no servizo.

Asemade, informar que previamente á conformidade da factura que ocupa este informe, se deu traslado a todos os concellos da provincia, adheridos e asinantes do convenio regulador do programa de Teleasistencia Domiciliaria, dos partes de baixas e dos usuarios e usuarias en activo correspondentes ao mes de maio de 2020, sen que se recibise contestación nin oposición no prazo de 5 días hábiles concedidos ao efecto, polo que enténdese a súa conformidade en relación as prestacións facturadas.

En Xunta de Goberno de data 21 de febreiro de 2020, adxudicouse a contratación da prestación do servizo de teleasistencia á empresa Servizos de Teleasistencia, S.A. asinándose a acta de inicio do mesmo o 01.06.2020.

En todo caso, non se cumpriu o procedemento xurídico – administrativo correspondente debido á carga de traballo da sección de Benestar Social e Igualdade, a cal impediu cumprir cos tempos necesarios para poder levar a cabo este expediente, xa que a posta en marcha dos Centros de Atención a Persoas Maiores de Trabada, Pol e Ribadeo dende esta sección, sen contar con máis persoal do habitual, fixo totalmente inviable e materialmente imposible axilizar máis, dita tramitación.

Que os servizos de teleasistencia foron prestados, según se detalla:

Para a factura nº 2020/GAL20/261 os servizos prestados foron dende o 01.05.2020 ata o 31.05.2020.

Que a cantidade a aboar por estes servizos á empresa ascende a un total de 18.500,15 € (C/IVE).

Que non procede a esixencia de garantía pola propia natureza das prestacións facturadas.

Que este gasto foi estritamente necesario, xa que deixar de prestar tal servizo social, podería poñer en risco a seguridade psicosocial de moitas das persoas usuarias que dependen nalgunha medida deste servizo.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación, actualmente ao orzamento do exercicio 2020, informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

Consideracións

No citado informe deste Servizo de data 12/08/2020, explíciase que analizados os arquivos existentes neste Servizo, conséntase que non existían contratos en vigor no momento da realización das prestacións incluídas na factura, de modo que levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.



A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven, idénticas as do último contrato adxudicado antes da realización das mesmas.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións nas condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicte se corresponden cun procedemento de licitación naquela época xa adxudicado, pero todavía sen formalizar o contrato (asinado o 28/05/2020), ou todavía sen formalizar a acta de inicio (asinada o 29/05/2020, e nela dise que a execución comenzaría o día 1 de xuño do 2020), cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de

Goberno, adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2020, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Servicios de Teleasistencia, S.A.	GAL20 2020/GAL20/261	31/05/2020	Servizos de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de maio do 2020.	18.500,15 €
TOTAL				18.500,15 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”



Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura emitida por Servicios de Teleasistencia, S.A.:

Nº GAL20 2020/GAL20/261 de data 31/05/2020, correspondente ós servizos de teleasistencia da Deputación Provincial de Lugo, realizados no mes de maio do 2020, dun importe total de 18.500,15 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes ás subministracións de gasóleo C para o Arquivo e o Museo Provincial.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 31/07/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
2020/20000070	16/01/20	2.025,00	Gasóleo C para o Arquivo	9200.22103	92020/1873
2020/F2000004	16/01/20	5,518,50	Gasóleo C para o Museo Provincial	3330.22103	92020/1874
TOTAL		7.543,50			

Visto que consta:

As propias facturas con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia cada unha delas do Servizo de Arquitectura, de data 17/01/2020, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coa cantidade e co prezo, e conformadas pola Presidencia.

Declaración responsable asinada en data 16/01/2020, polo representante de “Gasóleos Fortaleza, S.L.”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria Xustificativa da Xefa do Servizo de Arquitectura, de data 17/01/2020, xustificando o incumprimento do procedemento xurídico administrativo e a necesidade de realización das prestacións.

Informe do Servizo de Arquitectura de data 24/01/2020 subsanando a Memoria Xustificativa do punto anterior.

Proposta da Xefa do Servizo de Arquitectura do 15/03/2019, para o inicio do expediente de contratación para a subministración de gasóleo C para calefacción, para centros dependentes deste Deputación (Museo Provincial, Edificio Miño, Granxa Gayoso e Museo Pazo de Tor), para o que dende o Servizo de Contratación e Fomento se solicitou consignación orzamentaria en data 02/07/2019.

Informe deste Servizo, de data 03/02/2020, en relación coa necesidade de realización das prestacións incluídas en ditas facturas, incluíndo a xustificación da mesma, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia de data 28/07/2020 levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos en relación coas facturas anteriormente relacionadas.



Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 24/07/2020, reflíctense os seguintes antecedentes:

No punto primeiro:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

Factura obxecto do presente informe:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
2020/20000070	16/01/20	2.025,00	Gasóleo C para o Arquivo	9200.22103	92020/1873
2020/F2000004	16/01/20	5,518,50	Gasóleo C para o Museo Provincial	3330.22103	92020/1874
TOTAL		7.543,50			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Xefe do Servizo de Arquitectura, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 7.543,50 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicable en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu



caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

No punto segundo da proposta de decreto:

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 11 de marzo do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais.

El 7 de enero de 2020, se reciben en el Servicio de Arquitectura sendos correos electrónicos de la Arquivera Provincial, Sabela Gayoso Carreira, y del Jefe de la Unidad de Mantenimiento, Julián Mayor Couceiro, en los que solicitan la tramitación inmediata del expediente de contratación para la adquisición del combustible necesario para las distintas instalaciones térmicas de los siguientes centros: Talleres de la Unidad de Mantenimiento y Archivo Provincial, Ampliación del Museo Provincial, Granja Gaioso Castro y Museo etnográfico del Pazo de Tor.

El 8 de enero de 2020, el Servicio de Arquitectura solicita al Servicio de Intervención consignación presupuestaria para la contratación urgente del suministro de Gasóleo C para calefacción, mientras no se adjudicara el contrato desde este Servicio se había iniciado su

tramitación el 27 de diciembre de 2019 para proceder a la contratación de dicho suministro para el funcionamiento de las instalaciones térmicas de diferentes centros de la Diputación Provincial.

El día 10 de enero, la Intervención Provincial informa que “... figura crédito disponible suficiente no vixente orzamento de gastos...”

Dados los términos en los que se realiza la petición de suministro, como se puede comprobar en los emails adjuntos, y entendiendo la que suscribe la urgencia con la que se precisa atender dichas demandas, se procede a realizar la petición para el suministro de gasóleo C para la calefacción a la empresa Gasóleos Fortaleza, S.L.

Servicio de Arquitectura conformó el 17 de enero de 2020 las facturas reflejadas en el siguiente cuadro, remitiéndolas a esa Intervención el 21 de enero del año en curso, acompañadas de la correspondiente memoria justificativa en la que se pone de manifiesto que se trata de un suministro de gasóleo C para la calefacción en instalaciones térmicas de bienes provinciales.

Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	IMPORTE	CONCEPTO
2020/20000070	16/01/2020	2.025,00	Gasóleo C para o Arquivo
2020/F2000004	16/01/2020	5.518,50	Gasóleo C para o Museo Provincial

El servicio de Contratación emite informe- propuesta con fecha 3 de febrero de 2020, en el que se reconoce la obligación de las mencionadas facturas por un importe total de 7.543,50 €, considerando procedente, previo informe de la Intervención Provincial, se dicte Resolución para su abono, simultáneamente con la aprobación del gasto.

Al mismo tiempo y a petición del Servicio de Contratación, el Servicio de Arquitectura redacta el pliego de condiciones técnicas particulares, orden de inicio, informe de justificación de la necesidad, justificación de la inconveniencia de división en lotes del contrato, etc. para iniciar el procedimiento de contratación del “subministro de gasóleo c para calefacción dos centros dependentes ou pertencentes á Deputación Provincial de Lugo”, remitiéndolo con fecha de RI 20/01/2020 nº72.



Respecto a todo lo expuesto anteriormente procede emitir el siguiente:

Informe:

El subministro de gásoleo C a los centros de la Diputación enumerados en el párrafo primero de este informe se ha estado produciendo de forma satisfactoria a los centros que así lo han demandado según los consumos necesarios, hasta la fecha de entrada en vigor del contrato adjudicado de forma definitiva recientemente por un año más otro prorrogable.

Los trámites para el inicio de una nueva licitación empezaron en diciembre de 2019 cuando el Servicio de Arquitectura remitió el pliego de condiciones técnicas particulares con los anexos de consumos de los distintos centros y demás documentación complementaria, a petición del Servicio de Contratación.

Mientras tanto, para que los cinco centros a los que se subministra gasóleo C funcionen en unas condiciones adecuadas es necesario el subministro de combustible de calefacción, por lo que ha estado realizándose igualmente.

No procede garantía por tratarse de un subministro necesario para el correcto funcionamiento del centro y por haberse realizado de conformidad con el responsable de la ejecución de este.

La valoración corresponde a las estrictamente necesarias para la prestación del subministro y los precios aplicados son los habituales en el mercado.

Esta unidad administrativa, al tratarse de un gasto de imputación al presupuesto del ejercicio del año 2020, concluye que no existe impedimento o limitación alguna a esta aplicación del gasto en relación con las restantes necesidades y atención de la partida durante todo el año en curso.”

Consideraciones

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería continuar a tramitación do procedemento correspondente segundo o establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións na condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2020.

As facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do



Orzamento desta Deputación para o ano 2020, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2019, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto,

poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Nº FACTURA	DATA DA FACTURA	IMPORTE	CONCEPTO
2020/20000070	16/01/2020	2.025,00	Gasóleo C para o Arquivo
2020/F2000004	16/01/2020	5.518,50	Gasóleo C para o Museo Provincial
TOTAL		7.543,50€	

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministros e recoñecer as obrigas por un importe total de 7.543,00 €, das seguintes facturas emitidas por Gasóleos Fortaleza, S.L.:

Nº 2020/20000070, co número de expediente GTM 2020/FAC_01/1347, subministración Gasóleo C para o Arquivo por un importe total de 2.025,00 €.

Nº 2020/F2000004, co número de expediente GTM 2020/FAC_01/1351, subministración Gasóleo C para o Museo Provincial por un importe total de 5.518,50 €.

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Recoñecemento da obriga e pago da factura correspondente ó servizo de subministración de roupa de traballo e material de protección laboral para os traballadores da Granxa Gaiosos Castro.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 02/09/2020, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)”

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Protección Laboral Villalba, SL GTM 2020/FAC01/001353	B 2020-987	17/06/20	3.647,40 € + 765,95€ 4.413,35 €	Subministración de roupa de traballo e materia de protección laboral para os traballadores da Granxa Gaiosos Castro	4120.22104	92020/3862
SUMA			4.413,35 €			

Ditas facturas foron remitidas pola Intervención Xeral a este Servizo, e unha vez examinadas, de conformidade coa documentación aportada, resulta que non se respetou inicialmente pola unidade administrativa xestora o protocolo de tramitación establecido nas Bases de Execución do Orzamento 2020 (Base 17) pero si consta acreditado no expediente a existencia do seguinte:

As facturas relacionadas no punto anterior, con dilixencia de data 08/07/2020 na factura Nº 2020/2050, de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coa cantidade, co prezo e conformadas polo naquelas datas Deputado Delegado da Área de Recursos Sostibles.

Declaración responsable asinada en data 20/06/2020 polo representante de “Protección Laboral Villalba, S.L”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

A seguinte memoria Xustificativa do Director da Granxa Gaioso Castro, xustificando o incumprimento do procedemento xurídico administrativo e a necesidade de realización das prestacións, do seguinte xeito:

Memoria de data 30/06/2020, en relación coa factura N° B 2020-987, na que se dí:

“Primeiro. Debido á urxencia de subministrar os equipos non deu tempo a realizar a proposta de gasto e, por iso, se somete a factura ao procedemento especial de validación, co fin de aboar o importe facturado. ”

(...)

Así mesmo, en ditas memorias, tamén se dí o seguinte:

“(...).

Dadas as características do contrato non procede garantía.

As unidades utilizadas son as estritamente necesarias para a execución da prestación e os prezos aplicados son correctos e axeitados ao mercado.

Por ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio 2020, esta unidade administrativa informa que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da partida durante todo o ano en curso.”



(...).”

Ó apreciarse recorrencia temporal no gasto desta natureza, e constar executadas e recibidas as prestacións, neste caso queda sen obxecto solicitar informe da Intervención ao obxecto de comprobar o cumprimento dos límites do contrato menor de servizos, fixado pola LCSP, ata 15.000,00 € de valor estimado (segundo redacción do artigo 118.1 na data de presentación da factura).

O Servizo de Contratación e Fomento non interveu na xestión, nin tampouco na execución destas subministracións facturadas á Deputación Provincial de Lugo e obxecto deste informe.

Solicitudes de consignación orzamentaria por parte da Granxa Gayoso Castro, de data 30/06/2020.

Informes do Servizo de Contabilidade e Contas de data 08/07/2020 no caso da factura B 2020-987, en relación coa existencia de saldo dispoñible no exercicio de procedencia.

A seguinte resolución da Presidencia, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos:

Resolución de data 27/08/2020, en relación coa factura B 2020-987.

Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 no caso da factura B 2020-987 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de datas 27/08/2020, reflíctese o seguinte antecedente:

No punto primeiro:

“(...)

“Informe de intervención

“Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

Factura obxecto do presente informe:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Protección Laboral Villalba, S.L	B 2020-987.	17/06/20	3.647,40+765,95 4.413,35€	Subministración de roupa de traballo e materia de protección laboral para os traballadores da Granxa Gaioso Castro	3.133,90	3333.22701
SUMA			4.413,35€			

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Director da Granxa Provincial e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación anterior, polo importe total de 4.413,35 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.



Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do

procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“2.- Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 28 de xullo do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.”

“En relación coas facturas emitida por Protección Laboral Villalba, S.L , con números de factura , datas das mesmas e importes que se reflexan no cadro que se inclúe debaixo e un importe total de 4.413,35 €, correspondentes a subministración de roupa de traballo e material de protección laboral para os traballadores da Granxa Gayoso Castro:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
Protección Laboral Villalba, SL GTM 2020/FAC01/001353	B 2020-987 GTM2020/FAC-01/1353	17/06/20	3.647,40 € + 765,95€	Subministración de roupa de traballo e materia de protección laboral para os traballadores da Granxa Gaioso Castro	4120.22104	92020/3862
	SUMA		4.413,35 €			

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 28 de xullo do 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:



As subministracións eran absolutamente imprescindibles para garantir que os traballadores de Granja Gayoso dispuxesen de material de protección adecuado para realizar o traballo en condicións axeitadas.

O período de realización dos aludidos servizos foi de xuño de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 4.413,35 euros (IVE incluído).

Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

Consideracións

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LRBRL), no artigo 4.1, reconece a potestade reglamentaria e de autoorganización ás corporacións locais, e no artigo 112 estipula que as entidades locais aprobarán anualmente un orzamento único.

Por outra banda, o artigo 165.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), establece que o orzamento xeral atenderá ó cumprimento do principio de estabilidade, nos termos previstos na Lei 18/2001, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e incluírá as bases de execución, facendo referencia tamén a esto último o artigo 9 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Por outra parte, doutrinal e xurisprudencialmente, vense aplicando como fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, que tería fundamento no propio artigo 1096 do Código Civil, que alude a que aquelas xorden entre outras dos contratos, pero tamén dos “cuasicontratos”, que se

regulan no artigo 1887 do C.C., así como dos feitos lícitos e voluntarios dos que resulta unha obriga do seu autor para con un terceiro e as veces unha obriga recíproca entre os interesados.

Dun xeito máis específico, a doutrina do enriquecemento inxusto aplícase en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en contratos non perfeccionados ou máis semellantes aos supostos analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; máis tamén outra máis recente como a Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Para a aplicación desta figura do enriquecemento inxusto esíxese a existencia dunha vantaxe para a administración, como a entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; esta vantaxe debe aportar unha utilidade real aos intereses públicos xestionados pola entidade, debendo existir algún tipo de recoñecemento por parte da administración, para evitar iniciativas particulares fraudulentas; ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, que se manifesta, en supostos como o que nos ocupa, na efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente está xustificado por empregados públicos a realización das prestacións.

A competencia para aprobar a factura, relacionada no apartado “Primeiro” deste informe, correspóndelle á Presidencia da Deputación ou a órgano que actúe por delegación da mesma ao abeiro do establecido no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación cos artigos 54.12 e 54.31 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de 10 de marzo de 2011.

En base a todo o anteriormente exposto consta xustificada a necesidade.

Cos datos obrantes no expediente apreciase recorrencia temporal no gasto desta natureza, polo que con ditas limitacións de coñecemento global do alcance do servizo, resulta que o análise do posible fraccionamento do contrato queda baleiro de contido por terse executado as prestacións ás que se refire a factura.



De outra banda debe considerarse a obriga da administración de atender os seus compromisos contraídos con terceiros, así como a relativa á tramitación previa da correspondente proposta de gasto.

Tendo en conta o anterior, considerando que as prestacións xa foron executadas, no caso de que existise saldo suficiente e axeitado no exercicio de referencia e no orzamento en vigor, e previo informe de Intervención, considérase procedente que a Presidencia dicte resolución nos seguintes termos:

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020 no caso da factura B2020-987, e xustificados por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	IMPORTE DA FACTURA	CONCEPTO
Protección Laboral Villalba S.L.	B2020-987	17/06/2020	4.413,35 €	Subministración de roupa de traballo e materia de protección laboral para os traballadores da Granxa Gaioso Castro
TOTAL			4.413,35 €	

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Protección Laboral Villalba S.L., por un importe total de 4.413,35 €:

B2020-987 de data 17/06/2020, correspondente a subministración de roupa de traballo e material de protección laboral para os traballadores da Granxa Gayoso Castro, dun importe total de 4.413,35 €.

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes ó servizo de control leiteiro dos meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril e maio de 2020.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 02/09/20, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, no que se recolle o seguinte:

“(...

Africor Lugo. presentou, no Rexistro da Deputación Provincial de Lugo, as seguintes facturas:



ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO DE FACTURAS		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE EDA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Africor Lugo	AF-1019	15/02/2020	10/03/2020	2020/992	Servizo de control leiteiro os meses de xaneiro e febreiro de 2020 para a Granxa Gaioso Castro 2020/FAC-01/001022	107,32 €
Africor Lugo	AF-2352	30/04/2020	21/05/2020	F/2020/1705	Servizo de control leiteiro os meses de marzo e abril de 2020 para a Granxa Gaioso Castro 2020/FAC-01/000932	95,28 €
Africor Lugo	AF-3668	31/05/2020	12/06/2020	F/2020/1941	Servizo de control leiteiro do mes de maio de 2020 para a Granxa Gaioso Castro 2020/FAC-01/001234	61,80 €
TOTAL						264,40 €

Ditas facturas foron remitidas pola Intervención Xeral a este Servizo, e unha vez examinada, de conformidade coa documentación aportada, resulta que non se respetou inicialmente pola unidade administrativa xestora o protocolo de tramitación establecido nas Bases de Execución do Orzamento 2020 (Base 17) pero si consta acreditado no expediente a existencia do seguinte:

As facturas relacionadas no punto anterior, con dilixencia da Granxa Gaioso Castro (de data 02/06/2020 no caso da factura Nº AF-1019, de data 02/06/2020 no caso da factura Nº AF-2352 e de data 01/07/2020 no caso da factura Nº AF-3668), de que os servizos están prestados, precisando o “conforme” coa cantidade e co prezo, e conformadas pola Presidencia naquelas datas.

Declaracións responsables asinadas en datas 12/03/2020 (AF-1019), 15/05/2020 (AF-2352) e 31/05/2020 (AF-3668) polo representante de “Africor Lugo”, en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón da habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memorias Xustificativas do Director da Granxa Gaioso Castro para cada unha das facturas, xustificando o incumprimento do procedemento xurídico administrativo e a necesidade de realización das prestacións.

Diversos informes da Granxa Gaioso Castro, aclarando os servizos prestados.

Informes do Servizo de Contabilidade e Contas (de data 05/06/2020 no caso da factura N° AF-2352 e AF-1019, e de data 07/07/2020 no caso da factura N° AF-3668), en relación coa existencia de saldo dispoñible no exercicio de procedencia.

Informes do Servizo de Contabilidade e Contas de data 11/03/2019, en relación coa existencia de saldo dispoñible no exercicio de procedencia.

A seguinte resolución da Presidencia, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos:

Resolución de data 21/08/2020, en relación coas facturas anteriormente relacionadas.

Nas propostas de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2020 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 21/08/2020, reflíctese os seguintes antecedentes:

No punto primeiro: “(...)

“Informe de intervención

“Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2020, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

Factura obxecto do presente informe:

ACREEDOR	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
Africor Lugo	AF-1019	15/02/2020	107,32 €	4120.22799
Africor Lugo	AF-2352	30/04/2020	95,28 €	4120.22799
Africor Lugo	AF-3668	31/05/2020	61,80 €	4120.22799
SUMA			264,40 €	



Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Director da Granxa Provincial Gayoso Castro e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral nas aplicacións que se indican na relación anterior, polo importe total de 264,40 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril,

polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

“Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención de data 07 de agosto do 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL.

“En relación coas facturas emitida por Africor Lugo, con números de factura , datas das mesmas e importes que se reflexan no cadro que se inclúe debaixo e un importe total de 264,40 €, correspondentes a servizo de control leiteiro nos meses de xaneiro a maio de 2020 :

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO	IMPORTE
Africor Lugo	AF-1019	15/02/20	Servizo de control leiteiro dos meses de xaneiro e febreiro de 2020. GTM2020/FAC-01/001022	4120.22799	92020/3205	97,56€ +9,76€ (ive deducible) 107,32
Africor Lugo	AF-2352	30/04/20	Servizo de control leiteiro dos meses de marzo e abril de 2020. GTM2020/FAC-01/000932	4120.22799	92020/3204	86,62€+8,66€ (ive deducible) 95,28
Africor Lugo	AF-3668	31/05/20	Servizo de control leiteiro dos meses de maio de 2020. GTM2020/FAC- 01/001234	4120.22799	92020/3850	56,18€+5,62€ (ive deducible) 61,80
SUMA						264,40€



Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 3 de agosto do 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron as prestacións son os seguintes:

O control leiteiro oficial e a ferramenta que permite coñecer a produción individual de cada animal e incluílos datos obtidos na ficha individual de cada un de eles para que figuren no libro xenealóxico da raza frísoa. En Febreiro de 2016 presentouse unha proposta de aprobación de gasto M-2 para o pago de estes servizos, sen que a data de hoxe fose aprobado, actualmente estase traballando para asinar un contrato de exclusividade, o ser a única empresa para realizar o servizo de control leiteiro. De non realizar o control leiteiro, quedarían excluídos do Libro Xenealóxico Oficial da raza Frísoa todos os animais de Granja Gayoso Castro.

O período de realización dos aludidos servizos foi o seguinte:

NÚMERO DE FACTURA	IMPORTE	CONCEPTO:PERIODO
AF-1019 GTM2020/FAC-01/001022	107,32 €	Servizo de control leiteiro dos meses de xaneiro e febreiro de 2020.
AF-2352 GTM2020/FAC-01/000932	95,28 €	Servizo de control leiteiro dos meses de marzo e abril de 2020.
AF-3668 GTM2020/FAC-01/001234	61,80 €	Servizo de control leiteiro dos meses de maio de 2020.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 264,40 euros (IVE incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do servizo, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2020, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.”

(...).”

Consideracións

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en diante LRBRL), no artigo 4.1, reconece a potestade reglamentaria e de autoorganización ás corporacións locais, e no artigo 112 estipula que as entidades locais aprobarán anualmente un orzamento único.

Por outra banda, o artigo 165.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), establece que o orzamento xeral atenderá ó cumprimento do principio de estabilidade, nos termos previstos na Lei 18/2001, Xeral de Estabilidade Orzamentaria, e incluírá as bases de execución, facendo referencia tamén a isto último o artigo 9 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Dun xeito máis específico, a doutrina do enriquecemento inxusto aplícase en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en contratos non perfeccionados ou máis semellantes aos supostos analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; máis tamén outra máis recente como a Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Para a aplicación desta figura do enriquecemento inxusto esíxese a existencia dunha vantaxe para a administración, como a entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; esta vantaxe debe aportar unha utilidade real aos intereses públicos xestionados pola entidade, debendo existir algún tipo de recoñecemento por parte da administración, para evitar iniciativas particulares fraudulentas; ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, que se manifesta, en supostos como o que nos ocupa, na efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.



A estes efectos, reiterar, que no expediente está xustificado por empregados públicos a realización das prestacións.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2019.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2019, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de referencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte cos informes de intervención invocados, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2020 nas facturas anteriormente relacionadas, e xustificadas por analoxía os requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de servizos, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

NÚMERO DE FACTURA	IMPORTE	CONCEPTO:PERIODO
AF-1019 GTM2020/FAC-01/001022	107,32 €	Servizo de control leiteiro dos meses de xaneiro e febreiro de 2020.
AF-2352 GTM2020/FAC-01/000932	95,28 €	Servizo de control leiteiro dos meses de marzo e abril de 2020.
AF-3668 GTM2020/FAC-01/001234	61,80 €	Servizo de control leiteiro dos meses de maio de 2020.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aprobar as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de servizos, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Africor Lugo, por un importe total de 264,40 €:

AF-1019 de data 15/02/20, correspondente o servizo de control leiteiro dos meses de xaneiro e febreiro de 2020, dun importe total de 107,32 €.

AF-2352 de data 30/04/20, correspondente o servizo de control leiteiro dos meses de marzo e abril de 2020, dun importe total de 95,28 €.

AF-3668 de data 31/05/20, correspondente o servizo de control leiteiro dos meses de maio de 2020, dun importe total de 61,80 €.

2º.- Dar traslado deste acordo á unidade xestora.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO INICIO DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DA SUBVENCIÓN DE DISTINTAS ENTIDADES.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, do inicio procedemento de reintegro da subvención da entidade A-17-29520 Coto y Lavan, S.L dentro do programa Ben Empregado IV.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social:

“Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo - Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así

como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con N° 221.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP N° 001 de data 2 de xaneiro de 2018. Entre as entidades beneficiaria atopábase a entidade Coto y Lavan, S.L, con número de expediente A-17-29520 e unha cantidade de subvención aprobada de 6.250,00 € para a contratación dun traballador durante 12 meses.

Considerando que con data 2 de febreiro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases da fase II do programa publicándose o extracto da convocatoria no BOP do 3 de febreiro de 2018, a cal recolle o procedemento de selección dos desempregados beneficiarios.

Considerando que con data 15 de maio do 2018 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás entidades incluídas nel, entre as cales se atopa a entidade con código A-17-29520 e razón social Coto y Laván S.L.

Considerando que con data 15 de maio do 2018 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás entidades incluídas nel, dende este momento, as entidades están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude. Neste sentido, con data 23 de maio de 2018, cumprindo co establecido nas bases, a empresa dá de alta a Dona María Pilar Matilla Córdoba na modalidade contractual e pola xornada laboral establecidos na solicitude.

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola entidade e requirida na base 16 do programa Ben Empregado IV Fase I, a efectos de xustificación, emítese Resolución de Presidencia con data 19 de xullo de 2018 relativa ó pago do anticipo recollido nas bases do programa, pola cantidade de 5.000,00 €, realizándose o ingreso con día 27 de xullo de 2018.

Considerando que de acordo a base 16 do programa Ben Empregado IV fase I, a efectos de xustificación, a entidade beneficiaria presenta con data 19 de xullo de 2019, dentro do prazo



establecido no programa, documentación da conta xustificativa. Dita documentación non se completa ata o 22 de xaneiro de 2020, data na que se emite informe favorable dende esta sección.

Considerando que con data 26 de febreiro de 2020 emítese requirimento dende o servizo de intervención cunha serie de deficiencias detectadas. Con data 27 de febreiro de 2020 remítese dende esta sección contestación ó requirimento, no que se aclara que:

“(…)

1.- Despois de revisar a documentación que obra no expediente comprobouse que a entidade foi beneficiaria do Programa Ben Empregado III, e segundo reflicte o informe de vida laboral da conta de cotización da entidade beneficiaria que se axunta, atendendo ó especificado nos apartados 15 e 16 das Bases do Programa Ben Empregado IV, a entidade non mantén ao traballador contratado, Don Carlos Antonio Fraga Álvarez nin o posto creado ao abeiro do mencionado programa.

(…)”

Neste sentido segundo se recolle na base 15 “Dereitos e Obrigas das Entidades Beneficiarias” do programa, as entidades deberán cumprir cunha serie de obrigas, entre elas:

“(…)”

Manter o cadro de persoal , incluíndo os traballadores subvencionados o amparo das edicións do Ben Empregado I, II e III, no caso de que existan, durante a vixencia deste programa, para pequenas empresas e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica.”

(…)”

A partir deste momento contáctase telefonicamente coa entidade beneficiaria para aclarar este extremo sen recibir resposta satisfactoria sobre o mesmo.

Considerando que con data 17 de xullo de 2020 remítese notificación a entidade beneficiaria na que se lle comunica que coa documentación obrante no expediente non é posible xustificar o importe da subvención, outorgándolle un prazo de 15 días hábiles para remitir documentación a esta sección. Dita notificación é recibida con data 20 de xullo de 2020. Transcorrido o prazo establecido, 10 de agosto de 2020, a entidade beneficiaria non presenta contestación ó requirimento.

Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33 Causas de reintegro:

“(…)

1. Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

(…)”

Neste sentido, a Base 15 “Dereitos e obrigas das entidades beneficiarias” establece que as entidades deben cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social, quedando este extremo vulnerado debido a que o despedimento, tal como constata a sentenza, non está amparado en causas legais sendo, polo tanto, improcedente.

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV, no artigo 28 f) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 33.1 f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 f), 41 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións publicas na tramitación deste procedemento, ante o posible “Incumprimento das obrigas impostas



pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención”, propónse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.- O inicio do procedemento de reintegro á entidade A-17-29520 Coto y Lavan, S.L polo importe anticipado 5.000,00 €, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ó observase un posible incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, tal e como se indica na base 15 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV.

2º.- A apertura do trámite de audiencia ao interesado, dentro do cal porase de manifesto o contido do expediente elaborado pola Área de Promoción Económica e Social, para que no prazo dos 15 días hábiles seguintes a recepción da notificación do presente acordo, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, do inicio procedemento de reintegro da subvención da entidade A-17-30663 Jaime Fernández Cornide dentro do programa Ben Empregado IV.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social:

“Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de

fomento de emprego da provincia de Lugo - Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con N° 221.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP N° 001 de data 2 de xaneiro de 2018. Entre as entidades beneficiaria atopábase a entidade Jaime Fernández Cornide, con número de expediente A-17-30663 e unha cantidade de subvención aprobada de 5.680,10 € para a contratación dun traballador durante 12 meses.

Considerando que con data 2 de febreiro de 2018 apróbanse en Xunta de Goberno as bases da fase II do programa publicándose o extracto da convocatoria no BOP do 3 de febreiro de 2018, a cal recolle o procedemento de selección dos desempregados beneficiarios.

Considerando que con data 6 de abril de 2018 noméanse os membros da Comisión de Valoración do programa Ben empregado IV, para o proceso de selección.

Considerando que con data 15 de maio do 2018 publícase o Anexo II, relativo a resolución da asignación do traballador ás entidades incluídas nel, dende este momento, as entidades están obrigadas a contratar o candidato nun prazo de 5 días na modalidade contractual e pola xornada laboral establecida na solicitude. Neste sentido, a primeira candidata da listaxe de candidatos, Dona M^a del Carmen Veiga Rodríguez, renuncia o posto ofertado previo a formalización do contrato de traballo con data 12 de maio de 2018. Con data 21 de maio de 2018 e cumprindo co establecido nas bases, a empresa dá de alta o seguinte candidato da lista de reserva, Don Diego Gutiérrez Díaz, na modalidade contractual e pola xornada laboral establecidos na solicitude.

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola entidade e requirida na base 16 do programa Ben Empregado IV Fase I, a efectos de xustificación, emítese Resolución de Presidencia con data 6 de agosto de 2018 relativa ó pago do anticipo recollido nas bases do programa, pola cantidade de 4.544,08€, realizándose o ingreso con día 13 de agosto de 2018.



Considerando que con data 25 de abril de 2019 a entidade beneficiaria procede ó despedimento do traballador seleccionado por incumprimento contractual grave debido a faltas repetidas e inxustificadas de asistencia, recollido no artigo 54.2 a) do Estatuto de Traballadores.

Considerando que con data 30 e abril de 2019 o traballador seleccionado, Don Diego Gutiérrez Díaz, presenta escrito no Rexistro da Deputación Provincial de Lugo no que indica, entre outros puntos, que ten a intención de impugnalo despedimento debido a improcedencia do mesmo, presentando, con data 14 de maio de 2019, papeleta de conciliación no Servizo de Mediación Arbitraje e Conciliación de Lugo (Achégase documentación).

Considerando que con data 5 de xuño de 2019 remítese comunicación dende esta sección á entidade beneficiaria, advertíndolle do posible incumprimento das bases do Programa Ben Empregado IV se dito despedimento no se fixera amparada polos preceptos legais. Concretamente o incumprimento da Base 15 “Dereitos e obrigas das entidades beneficiarias”:

“(…)

Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social, de prevención de riscos laborais, de seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente durante a execución do traballo, así como a lexislación de datos de carácter persoal. Así como satisfacer, as obrigas económicas de carácter salarial e tributario en prazo ordinario independentemente do momento do pago da subvención.

(…)”

Así mesmo, en dita comunicación solicítaselle a entidade beneficiaria remita información sobre a resolución do procedemento aberto o antes posible. A partir deste momento realízanse numerosas comunicacións telefónicas, tanto coa empresa subvencionada como co traballador seleccionado dentro do Programa Ben Empregado IV.

Con data 16 de decembro de 2019 remítese notificación requiríndolle de novo información a entidade beneficiaria sobre a situación do procedemento aberto.

Considerando que con data 17 de decembro de 2019 o traballador seleccionado, Don Diego Gutiérrez Díaz, presenta no rexistro da Deputación Provincial de Lugo sentenza ditada polo xulgado do social nº 2 de Lugo, na que se estima a demanda declarando a improcedencia de despedimento, condenando a Don Jaime Fernández Cornide á readmisión con abono de salarios de tramitación ou a indemnización con 33 días de salario por ano de servizo (achégase sentenza).

Considerando que con data 14 de xaneiro de 2020, a entidade beneficiaria remite un correo electrónico á dirección electrónica da Sección de Promoción Económica e Emprego no que comunica o resultado da sentenza e a súa intención de interpor un recurso de Suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (achégase comunicación).

Considerando que con data 25 de agosto de 2020 a entidade beneficiaria comunica telefonicamente á Sección de Promoción Económica e Emprego que o recurso interposto perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia foi rechazado por este.

Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33 Causas de reintegro:

“(…)

1. Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

(…)”



Neste sentido, a Base 15 “Dereitos e obrigas das entidades beneficiarias” establece que as entidades deben cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social, quedando este extremo vulnerado debido a que o despedimento, tal como constata a sentenza, non está amparado en causas legais sendo, polo tanto, improcedente.

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV, no artigo 28 f) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 33.1 f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 f), 41 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións públicas na tramitación deste procedemento, ante o posible “Incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención”, propónse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.- O inicio do procedemento de reintegro á entidade A-17-30663 Jaime Fernández Cornide polo importe anticipado 4.544,08 €, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ó observase un posible incumprimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e aos beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o

proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da subvención, tal e como se indica na base 15 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV.

2º.- A apertura do trámite de audiencia ao interesado, dentro do cal porase de manifesto o contido do expediente elaborado pola Área de Promoción económica e Social, para que no prazo dos 15 días hábiles seguintes a recepción da notificación do presente acordo, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO DA SUBVENCIÓN DE DISTINTAS ENTIDADES.

Primeiro.- *Proposta de aprobación, se procede, da resolución do procedemento de reintegro da subvención da entidade A-17-30244 J&J Arias Construcciones y Excavaciones, S.L. dentro do programa Ben Empregado IV.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social:

“Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo, Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con Nº 221.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP Nº 001 de data 2 de xaneiro de 2018. Entre as entidades beneficiaria atopábase a entidade J&J Arias Construcciones y Excavaciones S.L., con número de expediente A-17-30244 e unha cantidade de subvención aprobada de 11.000,00 € para a contratación dun traballador durante 12 meses.



Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola empresa e requirida na base 16 do programa Ben Empregado IV Fase I, a efectos de xustificación, abóase con data 4 de marzo de 2019 o pago do primeiro anticipo pola cantidade de 6.823,01€, tendo en conta que esta cantidade foi regularizada debido a que con data de finalización do período subvencionable, 31 de agosto de 2019 segundo a Base 8 do programa, a entidade podería xustificar o máximo de 283 días. Este pago faise efectivo con data 4 de marzo de 2019.

Considerando que de acordo a base 16 do programa Ben Empregado IV fase I, a efectos de xustificación :

“(…)

No prazo máximo de dous meses contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado debe presentar ante a Deputación de Lugo a conta xustificativa. Unha vez aprobada aboarase, se é o caso, o 20% restante da subvención concedida

(…)”

Considerando que a efectos do anteriormente exposto requírese con data 10 de marzo de 2020 de xeito formal a documentación da conta xustificativa, tanto en sede electrónica como a través de notificación postal, para que no prazo de 15 días hábiles a entidade presentase a documentación necesaria contida na Base 16 do programa Ben Empregado IV. A notificación postal é recollida pola entidade beneficiaria con data 12 de marzo de 2020, mentres que a notificación electrónica é rexeitada ó non acceder á sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo de 10 días naturais. Neste sentido, tomarase como data de notificación a xerada coa notificación postal, seguindo o establecido no artigo 41.7 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións publicas:

“(…)”

Cando o interesado fose notificado por distintos leitos, tomarase como data de notificación a daquela que se produciu en primeiro lugar

(...)”

Considerando que debido a suspensión de prazos administrativos recollidos na Disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, o prazo de 15 días ó que fai referencia a notificación remitida á entidade beneficiaria paralizouse.

Considerando que en relación o Real decreto 537/2020, do 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19, aprobado con data 23 de maio de 2020, no seu artigo 9 “Prazos administrativos suspendidos en virtude do Real Decreto de 436/2020, do 14 de marzo” establece que:

“(...)”

Con efectos desde o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos que fosen suspendidos renovarase, ou se reiniciará, se así se previu nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas

(...)”

Neste sentido, o prazo para remitir a documentación requirida por parte da entidade beneficiaria remataba o día 18 de xuño de 2020. A entidade beneficiaria non presenta dita documentación no prazo establecido.

Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33.1 c) Causas de reintegro:

“(...)”



1. Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.

(...)”

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Considerando que con data 24 de xullo de 2020 apróbase en xunta de goberno o inicio do procedemento de reintegro á entidade beneficiaria polo importe anticipado e non xustificado, 6.823,01 €, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), polo incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención, tal e como se indica nas bases 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV.

Considerando que con data 5 de agosto de 2020 remítese á entidade beneficiaria, a través da Sede Electrónica da Deputación Provincial de Lugo, notificación do acordo de xunta de goberno comunicándolle o inicio do procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia, outorgándolle un prazo de 15 días dende a recepción da mesma, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Considerando que segundo o establecido no artigo 41.5 e 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), unha vez transcorridos 10 días naturais dende a súa notificación sen acceder a mesma, esta enténdese rexeitada, dando por efectuado o trámite e o procedemento, feito que acontece con data 15 de agosto de 2020.

Considerando que segundo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 94.4 “Regras Xerais” do Procedemento de Reintegro indica:

“(…)

4. A resolución do procedemento de reintegro identificará o obrigado ao reintegro, as obrigacións incumpridas, a causa de reintegro que concorre de entre as previstas no artigo 37 da Lei e o importe da subvención para reintegrar xunto coa liquidación dos intereses de demora.

(…)”

Neste sentido, con data 2 de setembro de 2020, o servizo de Tesourería remite cálculo de Xuros de Demora sobre a débeda principal, calculados tendo en conta que a aprobación da resolución do procedemento de reintegro realizárase con data 4 de setembro de 2020, pola cantidade de 385,77 €.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV, no artigo 28 c) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 c), 41 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións públicas na tramitación deste procedemento, e ante o “Incumprimento da obriga de xustificación ou



a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención”, proponse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.- A resolución do procedemento de reintegro á entidade A-17-30244 J&J Arias Construcciones y Excavaciones S.L. polo importe anticipado 6.823,01 €, debido a un incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención, tal e como se indica nas bases 15 e 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV. A esta cantidade deberase sumar os xuros de demora xerados durante este tempo, 385,77 €.

2º.- Comunicar á entidade beneficiaria o prazo para efectuar o ingreso segundo o artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria:

As débedas tributarias notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte o inmediato hábil seguinte.

As notificadas entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de notificación ata o día 5 do segundo mes posterior o inmediato hábil seguinte.

Se o derradeiro día de prazo coincide en sábado o día inhábil amplíase o prazo ó inmediato hábil seguinte.

Transcorrido o prazo para o aboamento sen que teña lugar, procederase ao seu aboamento de acordo co procedemento previsto nas normas reguladoras do procedemento recadatorio na vía executiva.

3º.- Contra dita resolución poderase interpoñer recurso de reposición, ó que se refire o art. 14.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo ante a Presidencia da deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende a súa notificación. A interposición de recurso administrativo non producirá a suspensión do procedemento agás nos supostos recollidos no Regulamento Xeral de

desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobada por Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

Pódese aprazar ou fraccionar o pagamento da débeda de conformidade coa Subsección 2º, Sección 1º, do título II do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo.

As cantidades esixidas serán ingresadas na conta da Deputación ESO4-20800163-85-311000****.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación, se procede, da resolución do procedemento de reintegro da subvención da entidade B-16-89 Temos Solución, S.L. dentro do programa Ben Empregado III.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social:

“Considerando que con data 16 de setembro do 2016 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de fomento de emprego e a economía do sector estratéxico da provincia de Lugo- Ben empregado III Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 4 de outubro de 2016 con Nº 229.

Considerando que con data 29 de decembro de 2016 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP de data 31 de decembro de 2016, entre as que se atopaba a entidade Temos Solucións S.L. con número



de expediente B-16-89 e cunha cantidade aprobada de 19.945,92€ para a contratación dun traballador durante 12 meses.

Considerando que a traballadora subvencionada, Dona Ana María Fernández López, causa baixa por enfermidade común con data 19 de xaneiro de 2018 permanecendo en esta situación a día 31 de maio de 2018, data na que remata o período subvencionado.

Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola empresa e requirida na base 16 do programa Ben Empregado III Fase I, a efectos de xustificación, abóase con data 6 de setembro de 2017 ao pago do primeiro anticipo pola cantidade de 15.956,73€.

Considerando que de acordo a base 16 do programa Ben Empregado III fase I, a efectos de xustificación :

“(…)

No prazo máximo de dous meses contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado debe presentar ante a Deputación de Lugo a conta xustificativa da subvención.

(…)”

En relación ó anteriormente exposto, a entidade beneficiaria presenta con data 7 de setembro de 2018, dentro do prazo establecido, documentación da conta xustificativa. Dita documentación non se completa ata o 15 de xullo de 2019, cando se emite informe por parte desta Sección considerando cumpridos os fins para os que se concedeu a subvención (19.945,92€) e a adecuación dos gastos realizados a estes, polo que se estima procedente que se verifique dende o servizo de Intervención a cantidade a ingresar por parte da empresa, e se tramite a aprobación da documentación xustificativa (14.727,90€) e o ingreso da subvención polo importe que foi anticipado e non xustificado, é dicir, Mil Douscentos Vinte e Oito Euros con Oitenta e Tres Céntimos (1.228,83€), tendo en conta que a entidade beneficiaria non puido xustificar o total da subvención debido a que a traballadora subvencionada, Dona Ana María Fernández López, sufriu unha baixa derivada de enfermidade común o que reduciu as cantidades subvencionables.

Considerando que con data 24 de setembro de 2019 o servizo de Intervención remite un informe no que fai constar a súa conformidade co importe a reintegrar que foi anticipado e non xustificado, é dicir, Mil Douscentos Vinte e Oito Euros con Oitenta e Tres Céntimos (1.228,83€).

Considerando que con data 12 de febreiro de 2020 notificase na sede electrónica da Deputación de Lugo requirimento á entidade beneficiaria solicitándolle, de conformidade co Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 72.2 g “do Contido da Conta Xustificativa” e atendendo de forma expresa o disposto na Base 16 do Programa:

(...)

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación:ESO4-2080-0163-85-311000****. De non cumprirse esta obrigaón, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta. (...)

Comunicándolle, así mesmo, que a entidade beneficiaria dispón dun prazo de 15 días hábiles a contar dende o día seguinte a recepción da presente comunicación para remitir a Sección de Promoción Económica e Emprego a documentación ata completar a conta xustificativa, advertíndolle que de non cumprir co mesmo se lle declarará decaído no seu dereito ao trámite correspondente (art. 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) e procederase o inicio do procedemento de reintegro das cantidades percibidas non executadas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación das Bases 18 e 19 da Fase I do Programa. A entidade non accede a notificación en sede electrónica no prazo de 10 días naturais, polo que, atendendo ó estipulado nos artigos 41.5 e 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a notificación enténdese rexeitada, dando por efectuado o trámite e seguíndose o procedemento.



Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33.1 c) Causas de reintegro:

1. Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

(...)

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención.

(...)

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Considerando que con data 17 de xullo de 2020 apróbase en Xunta de Goberno o inicio do procedemento de reintegro á entidade beneficiaria, polo importe anticipado e non xustificado, 1.228,83€, debido a un posible incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ó non presentar a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada, tal e como se indica na base 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado III.

Considerando que con data 27 de xullo remítese á entidade beneficiaria notificación, a través da Sede Electrónica da Deputación Provincial de Lugo, notificación do acordo de xunta de goberno comunicándolle o inicio do procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia, outorgándolle un prazo de 15 días dende a recepción da mesma, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Considerando que segundo o establecido no artigo 41.5 e 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), unha vez transcorridos 10 días naturais dende a súa notificación sen acceder a mesma, esta enténdese rexeitada, dando por efectuado o trámite e o procedemento, feito que acontece con data 6 de agosto de 2020.

Considerando que segundo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 94.4 “Regras Xerais” do Procedemento de Reintegro indica:

“(…)

4. A resolución do procedemento de reintegro identificará o obrigado ao reintegro, as obrigacións incumpridas, a causa de reintegro que concorre de entre as previstas no artigo 37 da Lei e o importe da subvención para reintegrar xunto coa liquidación dos intereses de demora.

(…)”

Neste sentido, con data 2 de setembro de 2020, o servizo de Tesourería remite cálculo de Xuros de Demora sobre a débeda principal, calculados tendo en conta que a aprobación da resolución do procedemento de reintegro realizárase con data 4 de setembro de 2020, pola cantidade de 138,15 €.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado na Base 15 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado III, no artigo 28 c) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 c), 41 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do, Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións públicas na tramitación deste procedemento, ante o “Incumprimento da obriga de xustificación ou a



xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 28 desta lei, e se é o caso nas normas reguladoras da subvención”, proponse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.- A resolución do procedemento de reintegro á entidade B-16-89 Temos Solucións SL. polo importe anticipado e non xustificado, 1.228,83 €, debido a un incumprimento do artigo 33.1 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ó non presentara a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada, tal e como se indica na base 16 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado III. A esta cantidade deberase sumar os xuros de demora xerados durante este tempo, 138,15 €.

2º.- Comunicar á entidade beneficiaria o prazo para efectuar o ingreso segundo o artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria:

As débedas tributarias notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte o inmediato hábil seguinte.

As notificadas entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de notificación ata o día 5 do segundo mes posterior o inmediato hábil seguinte.

Se o derradeiro día de prazo coincide en sábado o día inhábil amplíase o prazo ó inmediato hábil seguinte.

Transcorrido o prazo para o aboamento sen que teña lugar, procederase ao seu aboamento de acordo co procedemento previsto nas normas reguladoras do procedemento recadatorio na vía executiva.

3º.- Contra dita resolución poderase interpoñer recurso de reposición, ó que se refire o art. 14.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo ante a Presidencia da deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende a súa notificación. A interposición de recurso administrativo non producirá a suspensión do procedemento agás nos supostos recollidos no Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en

vía administrativa, aprobada por Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

Pódese aprazar ou fraccionar o pagamento da débeda de conformidade coa Subsección 2º, Sección 1º, do título II do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo.

As cantidades esixidas serán ingresadas na conta da Deputación ESO4-20800163-85-311000****.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación, se procede, da resolución do procedemento de reintegro da subvención da entidade A-17-29781 Embutidos Buenavista, S.L. dentro do programa Ben Empregado IV.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social:

“Considerando que con data 8 de setembro do 2017 a Deputación de Lugo aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de fomento de emprego da provincia de Lugo, Ben empregado IV Fase I. As devanditas bases, así como a súa convocatoria foron publicadas no Boletín da provincia de Lugo (BOP) o 25 de setembro de 2017 con Nº 221.

Considerando que con data 29 de decembro de 2017 aprobouse en Xunta de Goberno as listaxes das entidades beneficiarias - reserva, entidades excluídas e perfís, publicándose no BOP Nº 001 de data 2 de xaneiro de 2018. Na listaxe de entidades beneficiarias atopábase a entidade Embutidos Buenavista S.L. con número de expediente A-17-29781 e cunha cantidade aprobada de 9.000,00 € para a contratación dun traballador durante 12 meses.



Considerando que unha vez comprobada e verificada a documentación aportada pola empresa e requirida na base 16 do programa Ben Empregado IV Fase I, a efectos de xustificación, abóase con data 13 de agosto de 2018 o pago do primeiro anticipo pola cantidade de 7.200,00 €.

Considerando que con data 4 de setembro de 2019, atendendo ó indicado na base 16 do programa Ben empregado IV fase I, a entidade beneficiaria presenta no rexistro da deputación Provincial de Lugo documentación xustificativa da subvención concedida.

Considerando que a mencionada entidade, Embutidos Buenavista S.L., foi beneficiaria do programa Ben Empregado na edición III, con dous postos de traballo;

Carniceiro, posto que foi cuberto polo candidato Don Abel Rodríguez Fernández.

Comercial, posto que foi cuberto polo candidato Don Antonio Fernández Fernández.

Considerando que segundo se recolle na Base 4, para ser unha entidade beneficiaria deberá:

“(…)

Manter os postos de traballo creados ao abeiro do Programa Ben Empregado I, II e/ou III, para o caso de pequenas empresas, microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica.

(…)”

Así mesmo, na base 15 do Programa, Dereitos e Obrigas das Entidades Beneficiarias, especifica que as entidades beneficiarias están obrigadas a:

“(…)”

Manter o cadro de persoal, incluíndo os traballadores subvencionados o amparo das edicións do Ben Empregado I, II e III, no caso de que existan, durante a vixencia deste programa, para pequenas empresas e microempresas, calquera que sexa a súa forma xurídica.

(...)”

Considerando que da revisión da documentación presentada para a conta xustificativa do Ben Empregado IV comprobouse que, na vida laboral da conta de cotización da entidade, os traballadores Don Abel Rodríguez Fernández e Don Antonio Fernández Fernández non continúan no postos de traballo creados ao abeiro do Ben Empregado III.

Considerando que ante o exposto no parágrafo anterior, solicítase a entidade informe no que detalle o acontecido. A entidade beneficiaria presenta escrito con data 7 de novembro de 2019 no que comunica que(achégase escrito):

“(...)”

Unha vez finalizado o período subvencionado e visto que a estes traballadores non lles interesou a continuidade nos seus postos de traballo, (xa que ámbolos dous residían en Lugo), esta empresa intentou substituíalos e manter así os 2 postos creados. Non obstante, e como é de sobra coñecida nesa Deputación a Dificultade para encontrar traballadores nesta comarca ou que queiran desplazarse á mesma, non se puideron substituír inmediatamente. Así Abel Rodríguez Fernández, foi substituído en data 13-09-2019 por Andrés Castaño Pérez e o posto de Antonio Fernández Fernández.

(...)”

Considerando que segundo se recolle na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu artigo 33.1 b) Causas de reintegro:

1. Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a



procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, nos seguintes casos:

“(…)

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

(…)”

Considerando que segundo se recolle no artigo 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), será o órgano concedente o competente para esixir o reintegro da subvención mediante a resolución do procedemento de reintegro, neste caso a competencia recae na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

Considerando que con data 13 de marzo apróbase en xunta de goberno o inicio do procedemento de reintegro á entidade beneficiaria polo importe anticipado e non xustificado, 7.200,00 €, debido a un posible incumprimento do artigo 37.1 b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), polo incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención, tal e como se indica na base 4 e 15 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV.

Considerando que con data 27 de xullo de 2020 remítese á entidade beneficiaria, a través da Sede Electrónica da Deputación Provincial de Lugo, notificación do acordo de xunta de goberno comunicándolle o inicio do procedemento de reintegro e a apertura do trámite de audiencia, outorgándolle un prazo de 15 días dende a recepción da mesma, para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes.

Considerando que segundo o establecido no artigo 41.5 e 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), unha vez transcorridos 10 días naturais dende a súa notificación sen acceder a mesma, esta enténdese rexeitada, dando por efectuado o trámite e o procedemento, feito que acontece con data 6 de agosto de 2020.

Considerando que segundo o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións no seu artigo 94.4 “Regras Xerais” do Procedemento de Reintegro indica:“(…)

4. A resolución do procedemento de reintegro identificará o obrigado ao reintegro, as obrigacións incumpridas, a causa de reintegro que concorre de entre as previstas no artigo 37 da Lei e o importe da subvención para reintegrar xunto coa liquidación dos intereses de demora. (...)”

Neste sentido, con data 2 de setembro de 2020, o servizo de Tesourería remite cálculo de Xuros de Demora sobre a débeda principal, calculados tendo en conta que a aprobación da resolución do procedemento de reintegro realizárase con data 4 de setembro de 2020, pola cantidade de 557,25 €.

Polo exposto anteriormente, atendendo ó estipulado nas Bases 4 e 15 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV, no artigo 28 b) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no 33.1 b) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no artigo 37.1 b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 94 do, Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións e de acordo ó contido no título IV, Capítulo IV da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento administrativo común e das administracións públicas na tramitación deste procedemento, e ante o “Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención”, propónse a esta Xunta de Goberno acorde:

1º.- A resolución do procedemento de reintegro á entidade A-17-29781 Embutidos Buenavista S.L. polo importe anticipado 7.200,00 €, debido a un incumprimento do artigo 33.1 b)



da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención, tal e como se indica nas bases 4 e 15 do programa de fomento do emprego da provincia de Lugo – Ben Empregado IV. A esta cantidade deberase sumar os xuros de demora xerados durante este tempo, 557,25 €.

2º.- Comunicar á entidade beneficiaria o prazo para efectuar o ingreso segundo o artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria:

As débedas tributarias notificadas entre os días 1 e 15 de cada mes, dende a data de notificación ata o día 20 do mes seguinte o inmediato hábil seguinte.

As notificadas entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de notificación ata o día 5 do segundo mes posterior o inmediato hábil seguinte.

Se o derradeiro día de prazo coincide en sábado o día inhábil amplíase o prazo ó inmediato hábil seguinte.

Transcorrido o prazo para o aboamento sen que teña lugar, procederase ao seu aboamento de acordo co procedemento previsto nas normas reguladoras do procedemento recadatorio na vía executiva.

3º.- Contra dita resolución poderase interpoñer recurso de reposición, ó que se refire o art. 14.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo ante a Presidencia da deputación de Lugo, no prazo dun mes a contar dende a súa notificación. A interposición de recurso administrativo non producirá a suspensión do procedemento agás nos supostos recollidos no Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobada por Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa.

Pódese aprazar ou fraccionar o pagamento da débeda de conformidade coa Subsección 2º, Sección 1º, do título II do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo.

As cantidades esixidas serán ingresadas na conta da Deputación ESO4-20800163-85-311000****.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- DESESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DA FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO PARA A FORMALIZACIÓN DUNHA RELACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE “EXPOLUGO A RURAL 2020”.

A proposta da Sra. Deputada da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda deixar o asunto sobre a mesa para mellor estudo.

14.- PROPOSTA DE DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS NA ANUALIDADE 2019.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:



En relación á subvención concedida por importe de catrocentos trinta e seis euros (436 €) a Escola Atlética Lucense para Concentración Atlética Semana Santa (Atletismo); mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046, do sábado 23 de febreiro de 2019, emítase o seguinte,

Informe:

Que con data 31 de marzo de 2020, rematou o prazo previsto nas bases da convocatoria da subvención indicada e que o beneficiario non presentou conta xustificativa para a acción subvencionada: Concentración Atlética Semana Santa (Atletismo).

Que para o trámite da respectiva conta xustificativa ha de terse en conta o previsto na Disposición adicional terceira. Suspensión de prazos administrativos do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo Covid-19 e así mesmo a modificación na citada disposición adicional 3ª operada polo RD 465/2020, do 17 de marzo.

E así mesmo o previsto no Real Decreto 537/2020 polo que se acorda o levantamento da suspensión e interrupción xeral dos prazos administrativos desde o día 1 de xuño de 2020. O citado real decreto establece non seu artigo 9. Prazos administrativos suspendidos en virtude do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, que, con efectos desde o 1 de xuño de 2020, o cómputo dos prazos administrativos que fosen suspendidos renovarase, ou reiniciarase se así se previu nunha norma con rango de lei aprobada durante a vixencia do estado de alarma e as súas prórrogas, prazo de xustificación que se entendería, en consecuencia, reiniciado a partir do 1 de xuño incluído, e por tanto, ata a data de 18 de xuño de 2020.

Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades

deportivas na anualidade 2019, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 15 de febreiro de 2019, determínase a documentación esixida nas contas xustificativas para o aboamento das subvencións.

Que con data 02 de xullo de 2020 o servizo de Deportes, de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación da convocatoria, -na que se prevé que logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada diante desta Deputación, o órgano de xestión requirirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada-, e ao abeiro do sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requiriu a Escola Atlética Lucense, para que de acordo co indicado e no referido prazo de quince días a contar dende o seguinte a recepción da notificación presentase a documentación esixida nas contas xustificativas para o aboamento das subvencións e prevista nas bases da convocatoria.

Consta no expediente acreditación do aviso de recibo de data 09 de xullo de 2020 asinado pola da entidade beneficiaria.

Que na referida notificación, advertíase que de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 38/2003 de 17 de Novembro, Xeral de Subvención, no suposto de falta de xustificación de producirá a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.

Que transcorrido o prazo sinalado na mencionada notificación, o beneficiario non presentou ante a Excma. Deputación Provincial de Lugo, a documentación requirida.

Que en consecuencia e de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2019, na que se prevé que na declaración de perda de dereito ou ben o reintegro das cantidades percibidas, deberá tramitarse o correspondente procedemento con audiencia do interesado.

Que con data 03 de agosto de 2020 procedeuse á notificación ao beneficiario do inicio do tramite de audiencia previo á declaración de perda dereito ao cobramento da subvención e a



apertura do prazo previsto para alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considerase pertinentes, de acordo co sinalado no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Consta no expediente acreditación documental do aviso de recibo de data 13 de agosto de 2020 asinado pola da entidade beneficiaria.

Que transcorrido o prazo sinalado na mencionada notificación, Escola Atlética Lucense non presentou ante a Excm. Deputación Provincial de Lugo, ningunha alegación.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e a audiencia do interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a Escola Atlética Lucense por importe de catrocentos trinta e seis euros (436 €) para Concentración Atlética Semana Santa (atletismo), mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046, do sábado 23 de febreiro de 2019.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 27 de setembro de 2019, polo cal resólvese o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo para a realización de actividades deportivas na anualidade 2019, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm.046 do sábado 23 de febreiro de 2019.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 27 de setembro de 2019, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 046, do sábado 23 de febreiro de 2019, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva; logo de ver a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

Categoría	Nome Entidade	Nome actividade	Subvención
Organización de eventos 2019	Iberia Club de Fútbol	Trofeo do Emigrante de Fútbol	800,00 €

16.- COMUNICACIONES DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.